



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 08)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

Sendo as once horas do día **vinde e seis de febreiro de dous mil vinte e un**, a través de sistemas tecnolóxicos de vídeoconferencia, e baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario-Interventor D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZANOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezanove de febreiro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS. LOTES 1 AO 24. ANUALIDADE 2021 E 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de servizos para o desbroce de maleza en estradas provinciais, consta no mesmo:

Solicitud de consignación orzamentaria, con CSV: IV7HSL36FXX7ZOOP2ZHDKDZUMQ.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7H4SDTYF47XPZ3ZT656ZTF4I.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7H4XX2AAVJ2WB74EXCAJBOEU.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7H43TOJ5F7L5OP6FORAJCGEA.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7H43XSDUN6ISVDYZQAI4LWAU.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7H433IBD4537E3CJOQ55SFII.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7H46X3NMZJ3RMLSP54IU2T64.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizos para o desbroce de maleza en estradas provinciais. Lotes 1 ao 24. Anualidade 2021 e 2022, cunha duración de dous anos prorrogable por outro ano, e cun prazo de execución de dous meses e medio contados a partir da sinatura da acta de inicio de cada anualidade, nos termos recollidos na cláusula 2.4 do PPT, que terá lugar entre maio e setembro de cada anualidade.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP, en base á mellor relación calidade-prezo. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP.

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 2.644.073,57 euros. O orzamento base de licitación inclúe 458.888,80 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 2.185.184,77 euros de base, e distribúese atendendo ao seguinte desglose:

Nº Lote	Importe neto	IVE (21%) (€)	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	ANUALIDADE 2021	ANUALIDADE 2022
1	123.417,56 €	25.917,69 €	149.335,25 €	74.667,62 €	74.667,63 €
2	98.662,47 €	20.719,12 €	119.381,59 €	59.690,79 €	59.690,80 €
3	123.723,56 €	25.981,95 €	149.705,51 €	74.852,75 €	74.852,76 €
4	79.150,93 €	16.621,70 €	95.772,63 €	47.886,31 €	47.886,32 €
5	63.326,97 €	13.298,66 €	76.625,63 €	38.312,82 €	38.312,81 €
6	108.838,35 €	22.856,05 €	131.694,40 €	65.847,20 €	65.847,20 €
7	96.598,26 €	20.285,63 €	116.883,89 €	58.441,95 €	58.441,94 €
8	85.478,43 €	17.950,47 €	103.428,90 €	51.714,45 €	51.714,45 €
9	90.161,83 €	18.933,98 €	109.095,81 €	54.547,91 €	54.547,90 €
10	82.376,92 €	17.299,15 €	99.676,07 €	49.838,04 €	49.838,03 €
11	65.225,22 €	13.697,30 €	78.922,52 €	39.461,26 €	39.461,26 €
12	82.309,49 €	17.284,99 €	99.594,48 €	49.797,24 €	49.797,24 €
13	91.142,07 €	19.139,83 €	110.281,90 €	55.140,95 €	55.140,95 €
14	80.665,38 €	16.939,73 €	97.605,11 €	48.802,55 €	48.802,56 €
15	69.301,79 €	14.553,38 €	83.855,17 €	41.927,58 €	41.927,59 €
16	104.683,98 €	21.983,64 €	126.667,62 €	63.333,81 €	63.333,81 €
17	98.097,15 €	20.600,40 €	118.697,55 €	59.348,78 €	59.348,77 €
18	85.825,93 €	18.023,45 €	103.849,38 €	51.924,69 €	51.924,69 €
19	65.427,49 €	13.739,77 €	79.167,26 €	39.583,63 €	39.583,63 €
20	91.110,95 €	19.133,30 €	110.244,25 €	55.122,12 €	55.122,13 €
21	105.560,50 €	22.167,71 €	127.728,21 €	63.864,10 €	63.864,11 €
22	102.863,52 €	21.601,34 €	124.464,86 €	62.232,43 €	62.232,43 €
23	99.590,86 €	20.914,08 €	120.504,94 €	60.252,47 €	60.252,47 €
24	91.645,16 €	19.245,48 €	110.890,64 €	55.445,32 €	55.445,32 €
TOTAL	2.185.184,77 €	458.888,80 €	2.644.073,57 €	1.322.036,77	1.322.036,80



Segundo o Informe de Intervención Xeral, con CSV:
IV7H43TOJ5F7L5OP6FORAJCGEA:

“O Prezo total incluído IVE ascende a 2.644.073,57 euros e financíase de acordo as seguintes anualidades:

Anualidade	Importe	
2021	1.322.036,77	RC-22021/3945
2022	1.322.036,80	RC-220219/58
TOTAL	2.644.073,57	

2º) Existe consignación orzamentaria na aplicación 4530.210 do vixente orzamento xeral para a cantidade de 1.322.036,77 euros (IVE incluído) da anualidade 2021.

A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022, a cantidade de 1.322.036,80 euros.

3º) Os gastos plurianuais están sometidos ás limitacións establecidas nos arts. 174 do R.D. legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

1. A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio
2. As anualidades non excederán de 4 anos
3. Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

Cúmrese o requisito 2º e 3º e esta previsto que o gasto se inicia no presente exercicio.

4. O órgano competente para a aprobación deste gasto plurianual é a Xunta de Goberno por Delegación da Presidencia

5. O presente expediente será obxecto da fiscalización previa limitada con anterioridade á aprobación do gasto, segundo a base nº 36 de execución do orzamento xeral.”

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PROFESIONAL DOS TÉCNICOS AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente da póliza de responsabilidade civil profesional dos técnicos ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato e orden de inicio, con CSV: IV7HTUP2P5H256PI2UQGAZI76I.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7HTUP5BZFZJ26C4MF4AF2VB4.

Informe de Intervención relativo á existencia de crédito con CSV: IV7H4QBPPE4M76R6QLXFKTYUL4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7H4XP3DRJO5CN2ZRVXINAHEI.



Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con
CSV:IV7H43A5BTW5XDN4AJVEGLY7A4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación da póliza de responsabilidade civil profesional dos técnicos ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- O prazo de duración do contrato é de un ano, con entrada en vigor a partir de las 00.00 horas do día 1 de marzo de 2021, con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro.

O contrato poderá prorrogarse, se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, podendo prorrogarse en tres ocasións, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

3º.- Aprobación do contido íntegro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 24.679,37 €, IVE exento, e financíase con cargo á Aplicación Orzamentaria 9200.224 (Administración Xeral, Primas de Seguros) segundo informe emitido por Intervención con CSV: IV7H4QBPPE4M76R6QLXFKTYUL4.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN NÚMERO 2, SE PROCEDE, DO CONTRATO BASEADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA A DEPUTACIÓN DE LUGO A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Responsable do Contrato de referencia e visto o informe xurídico, do seguinte tenor literal:

“Antecedentes

Primeiro. En relación á contratación da Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), na Xunta de



Goberno do 26 de Xuño do 2020 adoptouse o seguinte acordo, en virtude do cal se adxudicaba a contratación á empresa Gas Natural Comercializadora, S.A:

“1. Aprobar o gasto da contratación da Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión -Núm. de Expediente2020/CON_01/000013, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 542.429,22 euros. O orzamento base de licitación inclúe 94.140,61 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 448.288,61 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP atendendo ao seguinte detalle:

CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	4321.22100	696,76	348,38	22020/10342	348,38	220209/187
APIARIO GRANJA (COLMENAR)	4120.22100	472,72	236,36	22020/10343	236,36	220209/188
ESCUELA DE PIRAGÜISMO	3421.22100	6.913,70	3.456,85	22020/10344	3.456,85	220209/189
CLUB NÁUTICO PORTOMARÍN	4321.22100	2.832,88	1.416,44	22020/10345	1.416,44	220209/190
ALUMBRADO PÚBLICO PENOUÇOS	1720.22100	262,76	131,38	22020/10346	131,38	220209/196
ESCOLA TALLER VILANOVA	9330.22100	204,60	102,30	22020/10347	102,30	220209/201
ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	1720.22100	222,78	111,39	22020/10348	111,39	220209/194
CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	4321.22100	4.142,50	2.071,25	22020/10349	2.071,25	220209/191
MUSEO DEL MAR	3333.22100	11.327,64	5.663,82	22020/10350	5.663,82	220209/204
ALUMBRADO PÚBLICO FERVEIROIRA	1720.22100	806,14	403,07	22020/10351	403,07	220209/197
MUSEO SAN PAIO DE NARLA	3331.22100	17.816,28	8.908,14	22020/10352	8.908,14	220209/205
MUSEO PAZO DE TOR	3332.22100	4.903,90	2.451,95	22020/10353	2.451,95	220209/206
ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA	9200.22100	8.745,90	4.372,95	22020/10354	4.372,95	220209/212
PARQUE MÓVIL	9201.22100	18.235,58	9.117,79	22020/10355	9.117,79	220209/213
CENTRAD	2413.22100	13.211,30	6.605,65	22020/10356	6.605,65	220209/208
MUSEO DE LA CESTERÍA	2413.22100	3.078,02	1.539,01	22020/10357	1.539,01	220209/209
ESTACIÓN BOMBEO	4120.22100	3.155,74	1.577,87	22020/10358	1.577,87	220209/210
CRUZ ROJA-FUDACE	9330.22100	29.391,98	14.695,99	22020/10359	14.695,99	220209/202
DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	9200.22100	4.332,44	2.166,22	22020/10360	2.166,22	220209/214
SERVICIO DE RECAUDACIÓN	9320.22100	13.995,10	6.997,55	22020/10361	6.997,55	220209/217
MUSEO PROVINCIAL	3330.22100	41.169,88	20.584,94	22020/10362	20.584,94	220209/207
ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	1720.22100	2.833,12	1.416,56	22020/10363	1.416,56	220209/198
RESIDENCIA DE POL	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10366	8.785,14	220209/221
RESIDENCIA DE TRABADA	2315.22100	20.067,10	10.033,55	22020/10368	10.033,55	220209/223
RESIDENCIA DE A FONSAGRADA	2315.22100	6.963,20	3.481,60	22020/10370	3.481,60	220209/225
RESIDENCIA DE CASTROVERDE	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10375	8.785,14	220209/226
RESIDENCIA DE PEDRAFITA	2315.22100	17.570,28	4.392,57	22020/10383	13.177,71	220209/228
CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	9330.22100	4.690,66	2.345,33	22020/10364	2.345,33	220209/203
CLUB NÁUTICO DOADE	4321.22100	4.210,68	2.105,34	22020/10436	2.105,34	220209/192
CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO	1729.22100	11.697,06	5.848,53	22020/10437	5.848,53	220209/199
MAZO DE SANTA COMBA	1729.22100	16.006,88	8.003,44	22020/10438	8.003,44	220209/200
ESCOLA DE IMAXE E SON	3241.22100	49.722,84	24.861,42	22020/10439	24.861,42	220209/219
GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	4120.22100	65.536,52	32.768,26	22020/10440	32.768,26	220209/211
PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	9200.22100	54.903,96	27.451,98	22020/10442	27.451,98	220209/215
PAZO DOS DEPORTES	3420.22100	53.535,44	26.767,72	22020/10444	26.767,72	220209/218
HOGAR DE SANTA MARÍA	9200.22100	13.632,32	6.816,16	22020/10445	6.816,16	220209/216
TOTAL		542.429,22	266.822,04		275.607,18	

En virtude do disposto no informe de intervención de data 29/05/2020, existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 266.822,04 euros, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas na táboa anterior.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

O Orzamento Base de Licitación da presente contratación, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

2. Adxudicar o contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión a favor da empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. con NIF A6179****.

3. A empresa adxudicataria comprométese a subministrar Enerxía Eléctrica nas dependencias da Deputación de Lugo, ata un importe máximo de 448.288,61 euros, aos que hai que engadir 94.140,61 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 542.429,22 euros, de acordo co seguinte detalle e tendo en conta a data prevista de inicio da subministración:



DEPUTACIÓN DE LUGO

CENTRO E NÚMERO DE CUP	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
ES0022000007659481BP1P CLUB NÁUTICO BELESAR PRESA	4321.22100	696,76	348,38	22020/10342	348,38	220209/187
ES0033770095770001MF0F APIARIO GRANJA (COLMENAR)	4120.22100	472,72	236,36	22020/10343	236,36	220209/188
ES0033770091375002WD0F ESCUELA DE PIRAGÜISMO	3421.22100	6.913,70	3.456,85	22020/10344	3.456,85	220209/189
ES0022000007969343MZ1P CLUB NÁUTICO PORTOMARÍN	4321.22100	2.832,88	1.416,44	22020/10345	1.416,44	220209/190
ES0033770593651001AF0F ALUMBRADO PÚBLICO PENOUÇOS	1720.22100	262,76	131,38	22020/10346	131,38	220209/196
ES0033770548328001DW0F ESCOLA TALLER VILANOVA	9330.22100	204,60	102,30	22020/10347	102,30	220209/201
ES0033770594094001JG1P ALUMBRADO PÚBLICO CHANCA	1720.22100	222,78	111,39	22020/10348	111,39	220209/194
ES0022000007915396YW1P CLUB NÁUTICO BELESAR PUEBLO	4321.22100	4.142,50	2.071,25	22020/10349	2.071,25	220209/191
ES0033770065431001ZP0F MUSEO DEL MAR	3333.22100	11.327,64	5.663,82	22020/10350	5.663,82	220209/204
ES0033770085658001KA0F ALUMBRADO PÚBLICO FERVEDOIRA	1720.22100	806,14	403,07	22020/10351	403,07	220209/197
ES0022000004984646WG1P MUSEO SAN PAIO DE NARLA	3331.22100	17.816,28	8.908,14	22020/10352	8.908,14	220209/205
ES0022000004899957TR1P MUSEO PAZO DE TOR	3332.22100	4.903,90	2.451,95	22020/10353	2.451,95	220209/206
ES0033770092789001RZ0F ANTIGÜO HOTEL MIÑO. TOLDA	9200.22100	8.745,90	4.372,95	22020/10354	4.372,95	220209/212
ES0033770082626001PR0F PARQUE MÓVIL	9201.22100	18.235,58	9.117,79	22020/10355	9.117,79	220209/213
ES0033770084995001ZR0F CENTRAD	2413.22100	13.211,30	6.605,65	22020/10356	6.605,65	220209/208
ES0033770588633001FD0F MUSEO DE LA CESTERÍA	2413.22100	3.078,02	1.539,01	22020/10357	1.539,01	220209/209
ES0033770068343001PR0F ESTACIÓN BOMBEO	4120.22100	3.155,74	1.577,87	22020/10358	1.577,87	220209/210
ES0033770063721002WJ0F CRUZ ROJA-FUDACE	9330.22100	29.391,98	14.695,99	22020/10359	14.695,99	220209/202
ES0033770092271013CD0F DEPENDENCIAS PLAZA DE SANTO DOMINGO	9200.22100	4.332,44	2.166,22	22020/10360	2.166,22	220209/214
ES0033770093012001ZY0F SERVICIO DE RECAUDACIÓN	9320.22100	13.995,10	6.997,55	22020/10361	6.997,55	220209/217
ES0033770092634001RB0F MUSEO PROVINCIAL	3330.22100	41.169,88	20.584,94	22020/10362	20.584,94	220209/207
ES0022000008388536SD1P ESCUELA DE CAZA Y PESCA TOR	1720.22100	2.833,12	1.416,56	22020/10363	1.416,56	220209/198
ES0033620000028907KZ0F RESIDENCIA DE POL	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10366	8.785,14	220209/221
ES0033620000022982VT0F RESIDENCIA DE TRABADA	2315.22100	20.067,10	10.033,55	22020/10368	10.033,55	220209/223
ES0033620000022372JB0F RESIDENCIA DE A FONSA GRADA	2315.22100	6.963,20	3.481,60	22020/10370	3.481,60	220209/225
ES0022000009092527XQ RESIDENCIA DE CASTROVERDE	2315.22100	17.570,28	8.785,14	22020/10375	8.785,14	220209/226
ES0022000009049519AH RESIDENCIA DE PEDRAFITA	2315.22100	17.570,28	4.392,57	22020/10383	13.177,71	220209/228
ES0022000007670638JX1P CLUB NÁUTICO AUGAS MESTAS	9330.22100	4.690,66	2.345,33	22020/10364	2.345,33	220209/203
ES0022000007983705DR1P CLUB NÁUTICO DOADE	4321.22100	4.210,68	2.105,34	22020/10436	2.105,34	220209/192
ES0033770519015001YL0F CENTRO DE INTERPRETACIÓN TERRAS DO MIÑO	1729.22100	11.697,06	5.848,53	22020/10437	5.848,53	220209/199
ES0022000008881399PM1P MAZO DE SANTA COMBA	1729.22100	16.006,88	8.003,44	22020/10438	8.003,44	220209/200
ES0033770092263001VR0F ESCOLA DE IMAXE E SON	3241.22100	49.722,84	24.861,42	22020/10439	24.861,42	220209/219
ES0033620000009027PY0F GRANJA (CENTRO DE RECRÍA)	4120.22100	65.536,52	32.768,26	22020/10440	32.768,26	220209/211
ES0033770091779001HJ0F PALACIO PROVINCIAL SAN MARCOS	9200.22100	54.903,96	27.451,98	22020/10442	27.451,98	220209/215
ES0033770082361001DF0F PAZO DOS DEPORTES	3420.22100	53.535,44	26.767,72	22020/10444	26.767,72	220209/218
ES0033770088830001AG0F HOGAR DE SANTA MARÍA	9200.22100	13.632,32	6.816,16	22020/10445	6.816,16	220209/216
TOTAL		542.429,22	266.822,04		275.607,18	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír

nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas na táboa anterior.

Os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario e que rexerán na presente contratación, resúmense na seguinte táboa:

PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)

Tipo Tarifa	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1049					
2.0DHA	0,1245	0,0540				
2.0DHS	0,1251	0,0596	0,0464			
2.1A	0,1182					
2.1DHA	0,1371	0,0650				
2.1DHS	0,1376	0,0745	0,0521			
3.0A	0,0868	0,0741	0,0537			
2.0DHA AP	0,1245	0,0540				
2.1DHA AP	0,1371	0,0650				
3.0A AP	0,0868	0,0741	0,0537			
3.1 A	0,0756	0,0691	0,0527			
6.1	0,0921	0,0804	0,0646	0,0571	0,0552	0,0482

Durante o ano de duración que ten o contrato, estes prezos unitarios soamente poderán ser modificados en virtude do disposto na Cláusula 5. facturación, punto 2, Facturas da subministración de electricidade do PPT do Acordo marco, onde se indica:

“Si durante la duración del contrato se modificara la normativa que rige el precio del suministro de electricidad, la compañía adjudicataria, desde su entrada en vigor, aplicaría a los componentes del precio regulados los nuevos precios, comunicando dichos cambios a la FEMP y a las Entidades Locales con las que tienen contrato basado”.

En caso de prórroga, estes prezos unitarios serán revisados conforme ao disposto nas cláusulas 16.3 Revisión de Prezos do Acordo Marco e 21.2 apartado Tramitación da prórroga do PCA.

4. A duración do Contrato Baseado será de un ano, contemplándose a posibilidade de celebrar prórrogas. Poderán celebrarse ata un máximo de tres prórrogas, sendo a duración de cada unha delas de un ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 4 anos.



5. Periodicidade da facturación: Segundo o disposto na cláusula 5.2 Factura da Subministración de Electricidade do PPT do Acordo Marco e no documento de invitación, a empresa adxudicataria emitirá unha factura por cada punto de subministración correspondente ao 100% do consumo producido en cada mes natural ou, no seu defecto, no ciclo de lectura correspondente. Ademais, se subministrará adicionalmente un documento resume no que se deberá incluír a información das facturas de forma agrupada para o conxunto dos puntos da subministración contratados.

6. Condicións especiais de execución: En virtude do indicado tanto na cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco punto 5 Condicións Especiais de Execución do PCA do Acordo Marco, como no documento de invitación o adxudicatario:

Como condición especial de execución de carácter ambiental, deberá garantir que o 100% da enerxía a subministrar do contrato baseado foi xerada a partir de fontes de enerxía renovable. Esta obriga acreditarase conforme ao disposto na cláusula 1 obxecto do prego, punto Orixe da enerxía a subministrar do PPT, onde entre outras cosas se indica: “la entidad adjudicataria está obligada a poner a disposición de la Entidad Local contratante los documentos que acrediten la redención de las garantías de origen a favor de dicha Entidad Local para cada punto de suministro incluido en el contrato basado, con carácter anual en el plazo máximo de 2 meses desde que la CNMC, o el órgano competente en cada momento, expidan los documentos acreditativos correspondientes”.

Deberá presentar ao responsable do contrato baseado, no prazo máximo de doce meses a contar dende o inicio da subministración, un estudo sobre a xeración da enerxía reactiva nas diferentes instalación obxecto do contrato e a valoración económica dos equipos necesarios para a súa minoración, co obxecto de reducir as perturbacións que dita enerxía produce na rede eléctrica e o impacto económico na facturación desta Entidade Local.

7. Ademais, en función da oferta presentada no Acordo Marco, o adxudicatario deberá, nos termos establecidos no artigo 11 criterios de adxudicación do acordo Marco:

Respectar a porcentaxe de incremento ofertada en altas eventuais ou de temporada sobre o prezo de enerxía vixente para as subministracións definitivas en cada momento, que é dun 0%, nos termos indicados no punto 2 Valoración das tarifas para os contratos eventuais e/ou de temporada (PTAE). En relación as altas eventuais ou de temporada , tamén deberá estar ao disposto na cláusula 21.7 do PCA: Vinculación do adxudicatario en altas eventuais e/ou de temporada onde se indica que “Durante la vigencia del Contrato basado, el adjudicatario quedará vinculado por medio del Contrato basado, a ofrecer el servicio de suministro a aquellas Entidades Locales con las que se haya firmado un Contrato basado en vista de posibles altas eventuales y/o de temporada de acuerdo con las situaciones identificadas y las características indicadas en el Documento de Invitación, no pudiendo, por tanto, negarse a prestar tales Suministros que serán facturados conforme a su oferta.

La Entidad Local deberá preavisar a la comercializadora con una antelación mínima de 15 días naturales, de dichas altas eventuales y/o de temporada, con independencia de que se hayan previsto en el documento de invitación”.

8. Tendo en conta as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 garantía e 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 11, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco. No caso de que o adxudicatario fose obxecto de penalidades pola execución non adecuada do contrato baseado, estas faranse efectivas mediante dedución das cantidades pendentes de pago.

9. O presente contrato baseado, conforme ao establecido no artigo 36.3 da Lei9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista por parte desta entidade local.

Non obstante o anterior, e, en virtude do indicado na cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 3 Execución e cumprimento dos contratos baseados do PCA do Acordo Marco, onde se indica: “En lo referente a la prestación efectiva del suministro, la adjudicataria deberá iniciar el mismo en el plazo máximo de un (1) mes desde la notificación de la resolución de adjudicación, a no ser que la Entidad Local indicara un plazo superior y siempre y cuando no se



produzcan retrasos en la aceptación de acceso de terceros a la red por parte de la distribuidora”, aínda que o prazo de duración do presente contrato baseado comezará a contar desde o momento no que se produza á notificación da súa adxudicación ao contratista, á prestación efectiva da subministración iniciárase o 27 de xullo de 2020, é dicir tralo remate do actual contrato de subministración eléctrica da Deputación de Lugo. Polo tanto, ata o mencionado 27 de xullo de 2020 a subministración seguirá realizándose pola mesma empresa e nas mesmas condicións que se están facendo actualmente, xa que as dependencias da Deputación de Lugo non poden quedar sen a prestación deste servizo esencial.

10. Notificar a presente adxudicación aos interesados conforme ao establecido na Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP, isto é, a través de dirección electrónica habilitada ou mediante comparecencia electrónica, realizándose, ademais unha comunicación adicional a través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP, de acordo co previsto ao efecto na cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco.

Lembrar que segundo o punto 1 da Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP e tal e como sinala tamén a mencionada cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os prazos para contar desde a notificación computaranse desde a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fóra mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación se publicara o mesmo día no Perfil de contratante do Órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado.

11. Dar traslado do contido íntegro do presente acordo ao Servizo de Contratación e Fomento desta entidade, aos efectos da publicación da adxudicación do contrato baseado, no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), conforme ao establecido no artigo 154.4 da LCSP.”

Segundo. Conforme ao establecido no artigo 36.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e á cláusula 21.1, apartado b) do Prego de Cláusulas Administrativas do Acordo Marco, os contratos baseados nun acordo marco perfecciónanse coa notificación da súa adxudicación ao contratista. Segundo o punto 1 da Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP

e tal e como sinala tamén a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os prazos para contar dende a notificación da adxudicación do contrato computaranse dende a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fóra mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación fora publicado o mesmo día no Perfil do contratante do Órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computarán dende a recepción da notificación polo interesado. A notificación do presente contrato baseado enténdese practicada o día 26 de xuño de 2020, data de envío da mesma, posto que o acto obxecto de notificación foi publicado o mesmo día no Perfil do contratante do Órgano de contratación da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), sendo polo tanto esta a data de inicio do contrato baseado a efectos de cómputo de prazos.

En canto á data de inicio da prestación da subministración, a adxudicataria procedeu a efectualo a partir do 27 de Xullo de 2020.

Estas datas quedan reflexadas na acta de inicio do contrato baseado de subministración a cal foi asinada o día 09 de xullo de 2020.

Terceiro. Con data 24 de xullo de 2020, dende Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía remitiuse circular que obra no expediente, a todos os departamentos da Deputación de Lugo onde textualmente se indicaba:

“En caso de ser necesaria unha nova alta de subministración de gas natural ou de electricidade (neste último caso tanto de carácter eventual como non eventual), estas deberán tramitarse obrigatoriamente a través dos Acordos Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de gas natural ou de electricidade en alta e baixa tensión antes mencionados, non sendo posible realizar outros contratos ao marxe dos mesmos. Por este motivo, calquera nova alta de subministración deberá ser posta en coñecemento da Axencia da Enerxía a través do correo electrónico axencia.enerxia@deputacionlugo.org.

A estes efectos, para a alta de novas subministracións e de cara a súa tramitación por parte da Axencia da Enerxía, deberá aportarse cunha antelación de 3 meses a documentación técnica que sexa precisa en función da subministración que se precise (boletín de instalación, tarifa, potencia a



contratar, etc.), sendo necesario poñerse en contacto previamente para a obtención de dita documentación técnica, co Servizo encargado da xestión das instalacións”

Cuarto. A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 20 de Novembro do 2020, adoptou o seguinte acordo, en virtude do cal se aprobou o modificado número 1 do citado contrato baseado, para incluír unha nova subministración no mesmo:

“1. Aprobar, en virtude da solicitude realizada polo CENTRAD e do informe do Responsable do Contrato, a modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adxudicación de 2.000 €, aos que haberá que engadir 420,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 2.420,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Esta subministración, de carácter eventual, servirá para iluminar o Mercado de Nadal a celebrar na Praza de San Marcos dende o día 10 de Decembro de 2020 ata o 7 de Xaneiro de 2021. Os datos técnicos da nova subministración a realizar son os seguintes:

CENTRO CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
MERCADO DE NADAL	Praza de San Marcos 27001 LUGO	25kw	3.0

O importe por anualidades da modificación a realizar resúmese na seguinte táboa:

CENTRO CUPS	IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) ANUALIDADE 2020	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) ANUALIDADE 2021
MERCADO DE NADAL	2.000,00 €	420,00 €	2.420,00 €	1.855,00 €	565,00 €

O importe do gasto para esta nova subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Por tratarse dunha subministración eventual, a adxudicataria ademais deberá ter en conta o seguinte:

A data de inicio da subministración é o día 10 de Decembro de 2020 e a data de remate o día 7 de Xaneiro de 2021.

A adxudicataria deberá estar ao disposto na cláusula 21.7 do PCA: Vinculación do adxudicatario en altas eventuais e/ou de temporada onde se indica que “Durante la vigencia del Contrato basado, el adjudicatario quedará vinculado por medio del Contrato basado, a ofrecer el servicio de suministro a aquellas Entidades Locales con las que se haya firmado un Contrato basado en vista de posibles altas eventuales y/o de temporada de acuerdo con las situaciones identificadas y las características indicadas en el Documento de Invitación, no pudiendo, por tanto, negarse a prestar tales Suministros que serán facturados conforme a su oferta. La Entidad Local deberá preavisar a la comercializadora con una antelación mínima de 15 días naturales, de dichas altas eventuales y/o de temporada, con independencia de que se hayan previsto en el documento de invitación.”

A porcentaxe de incremento ofertada polo adxudicatario do contrato baseado en altas eventuais ou de temporada sobre o prezo de enerxía vixente para as subministracións definitivas en cada momento, é dun 0%, nos termos indicados no punto 11.2 Valoración das tarifas para os contratos eventuais e/ou de temporada (PTAE), que obra no expediente. De acordo co exposto, os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario do contrato baseado e que tamén rexerán no presente modificado, resúmense na seguinte táboa:

PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)

Tipo Tarifa	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1049					
2.0DHA	0,1245	0,0540				
2.0DHS	0,1251	0,0596	0,0464			
2.1A	0,1182					
2.1DHA	0,1371	0,0650				
2.1DHS	0,1376	0,0745	0,0521			
3.0A	0,0868	0,0741	0,0537			
2.0DHA AP	0,1245	0,0540				
2.1DHA AP	0,1371	0,0650				
3.0A AP	0,0868	0,0741	0,0537			
3.1 A	0,0756	0,0691	0,0527			
6.1	0,0921	0,0804	0,0646	0,0571	0,0552	0,0482



2. Adjudicar este modificado á empresa adjudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A6179****, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 450.288,61 €, aos que haberá que engadir 94.560,61 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 544.849,22€ (IVE engadido), o que supón un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado.

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 26 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adjudicación do contrato baseado.

A formalización do modificado realizarase de acordo co establecido no artigo 153 da LCSP, conforme ao previsto no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, e será publicado de conformidade co sinalado nos artigos 207 e 63 da LCSP, mediante a inserción dos correspondentes anuncios no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

Quinto. Con data 11 de febreiro de 2021, dende a Sección de Patrimonio se envía solicitude á Sección de Innovación-Axencia da Enerxía 2021/XEN_01/000356 onde se indica o seguinte:

“O Pleno desta Excma. Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020. a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís...”

A cesión global de activo e pasivo implica a subrogación da Deputación na posición xurídica da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular.

A Sociedad Urbanística era titular de dous contratos de subministro de luz e un contrato de subministro de gas.

Na circular emitida desde a Sección de Innovación e Participación Cidadá Axencia da Enerxía, en data de 23 de xullo de 2020, infórmase que os contratos de subministración de gas natural e de electricidade nas dependencias da Deputación de Lugo, serán xestionados desde a Axencia da Enerxía, indicando que caso de ser necesaria unha nova alta de subministración de gas natural ou de electricidade (neste último caso tanto de carácter eventual como non eventual), estas deberán tramitarse obrigatoriamente a través dos Acordos Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de gas natural ou de electricidade en alta e baixa tensión antes mencionados, non sendo posible realizar outros contratos ao marxe dos mesmos e engadindo que calquera nova alta de subministración deberá ser posta en coñecemento da Axencia da Enerxía a través do correo electrónico axencia.enerxia@deputacionlugo.org.

De acordo co exposto, solicítase a alta das seguintes subministracións de cara a súa tramitación por parte da Axencia da Enerxía:

1. Contrato Subministro Gas Natural. Empresa: Naturgy Iberia S.A.

Dirección de subministro: Rúa San Marcos 11 27001 Lugo.

Contrato 11082733.

2. Contrato Subministro electricidade. Empresa: Gas Natural Comercializadora S.A.

Dirección de subministro: LG. Marco (Carral) Pol. Industrial

27372 Begonte (Lugo)

Contrato 01421504001123.

CUPS: ES0033770060787001HF0F.

3. Contrato Subministro electricidade. Empresa: Iberdrola Clientes S.A.U.

Dirección de subministro: Rúa Antonio Pedrosa 38 San Clodio 27310 Ribas de Sil.

Contrato 625202030.

A estes efectos, achegamos as últimas facturas emitidas referentes aos subministros detallados.”



Polo tanto, en relación ao contrato baseado obxecto do presente informe, (Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión), solicítase a inclusión no mesmo das seguintes dúas subministracións de electricidade procedentes do SUPLUSA:

Taller da Pedra De Begonte (Contrato 01421504001123)

Residencia de Ribas De Sil (Contrato 625202030)

Consideracións xurídicas:

Primeira.- A D.T 1ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, di: “1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

2. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.”

En consecuencia cabe interpretar que á presente adxudicación resulta de aplicación a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, ao adxudicarse o contrato baseado estando vixente esta norma.

Segunda. A adxudicación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en Alta e Baixa Tensión (EXP2020/CON_01/000013), realizouse conforme ao disposto no Acordo Marco para a subministración de enerxía eléctrica e aos pregos de cláusulas administrativas particulares (en diante PCA) e de prescricións técnicas (en diante PPT)

de dito Acordo Marco, que rexeron a súa licitación, tras a adhesión á Central de Contratación por parte da Deputación de Lugo na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019.

A execución e resolución do contrato baseado supeditase ao disposto no Acordo Marco para a prestación da subministración de enerxía eléctrica da Central de Contratación e nos PCA e PPT que rexeron a licitación deste Acordo Marco, así como ao disposto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) e, en canto non se opoña, ao disposto polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Supletoriamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado. Así mesmo, será de aplicación ao Acordo Marco e aos Contratos baseados no mesmo, a normativa sectorial vixente en cada momento.

Terceira.- Mediante Resolución da Presidencia de data 08-06-2020, procedeuse ao nomeamento como responsable do contrato baseado a D. Antonio Álvarez Cabana, Enxeñeiro Industrial Superior Coordinador da Axencia Provincial da Enerxía

O Enxeñeiro Industrial Superior Coordinador da Axencia Provincial da Enerxía, coa conformidade do Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá e do Deputado de Promoción Económica e Social, mediante informe que obra no expediente, solicita que se realicen os trámites oportunos para aprobar a modificación número 2 do contrato baseado sinalado por importe de 6.000,00 €, aos que haberá que engadir 1.260,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 7.260,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. En dito documento, infórmase favorablemente a adxudicación do modificado número 2 en favor da empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A, con NIF A6179****, de acordo cos seguintes extremos:



a) O obxecto da modificación a realizar, en base á petición realizada pola Sección de Patrimonio que obra no expediente, é incluír dúas subministracións procedentes do SUPLUSA no contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), as cales teñen os seguintes datos técnicos:

SUBMINISTRACIÓN-CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA	EMPRESA QUE ESTÁ PRESTANDO ACTUALMENTE A SUBMINISTRACIÓN
TALLER DA PEDRA DE BEGONTE-ES0033770060787001HFOF	LUG MARCO (CARRAL) POL IND 27372 BEGONTE-LUGO	P1=P2=P3= 20 kW	3. 1A	Gas Natural Comercializadora S.A. CIF: A6179**** Nº CONTRATO: 01421504001123
RESIDENCIA RIBAS DE SIL ES0022000009074688VW	RÚA ANTONIO PEDROSA 38 SAN CLODIO 27310 RIBAS DE SIL.	P1=P2=P3= 15,001	3.0A	Iberdrola Clientes S.A.U. CIF: A-9575**** Nº CONTRATO: 625202030

b) O prezo do contrato baseado tras a modificación a realizar, sería de 456.288,61 €, aos que haberá que engadir 95.820,61 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 552.109,22 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 1,34% sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). Como xa se indicou anteriormente, en virtude do acordo da xunta de Goberno do 20 de novembro de 2020 neste contrato xa se fixo unha modificación previa (modificación número 1), que supoñía un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). A suma das dúas modificacións da un incremento dun 1,79 % sobre o prezo inicial do contrato (IVE excluído), non superando por tanto a suma da modificación xa realizada e esta o 20% do seu prezo inicial (IVE excluído).

A data estimada prevista para o inicio das dúas subministracións a través do contrato baseado de referencia é o 15 de marzo de 2021, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar.

O importe da modificación número 2 a realizar detallado por puntos de subministración, resúmese na seguinte táboa:

SUBMINISTRACIÓN-CUPS	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
TALLER PIEDRA DE BEGONTE ES0033770060787001HFOF	3.500,00 €	735,00 €	4.235,00 €
RESIDENCIA RIBAS DE SIL ES0022000009074688VW	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €
TOTAL	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €

O importe do gasto para estas dúas subministracións foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A adxudicataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que estes dous novos puntos de subministración ordinarios pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.

Os prezos unitarios ofertados pola adxudicataria e que rexerán nestas novas subministracións incluídas no modificado número 2, resúmense na seguinte táboa:

PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)

Tipo Tarifa	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1049					
2.0DHA	0,1245	0,0540				
2.0DHS	0,1251	0,0596	0,0464			
2.1A	0,1182					
2.1DHA	0,1371	0,0650				
2.1DHS	0,1376	0,0745	0,0521			
<u>3.0A</u>	<u>0,0868</u>	<u>0,0741</u>	<u>0,0537</u>			
2.0DHA AP	0,1245	0,0540				
2.1DHA AP	0,1371	0,0650				
3.0A AP	0,0868	0,0741	0,0537			
<u>3.1A</u>	<u>0,0756</u>	<u>0,0691</u>	<u>0,0527</u>			
6.1	0,0921	0,0804	0,0646	0,0571	0,0552	0,0482

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 26 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adxudicación do contrato baseado.

Cuarta.- No que respecta ao procedemento a seguir para proceder á modificación número 2 do contrato baseado e incluír as dúas subministracións descritas na consideración anterior, compre acudir ao sinalado ao respecto tanto no PCA do Acordo Marco como na LCSP:



a) A Cláusula 23 do PCA do Acordo Marco (prerrogativas dos entes locais, réxime de invalidez, réxime de recursos e xurisdición competente), punto 1 (Prerrogativas da Administración), establece que “O Órgano de contratación de cada Entidade Local terá a prerrogativa de interpretar os Contratos baseados, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta en virtude do artigo 190 e seguintes da LCSP”.

Por outra banda, a cláusula 21.3 do mencionado PCA (Execución e cumprimento dos contratos baseados) sinala textualmente: “El Contratista estará obligado a suministrar electricidad a aquellos nuevos puntos de suministro ordinarios (no eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación que sean solicitados por las Entidades Locales siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la Entidad Local incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado.”

Respecto desta cuestión, no informe do Responsable do Contrato no que se solicita o modificado número 2, indícase expresamente;

“Sinalar a este respecto que as dúas subministracións que se pretenden introducir no contrato, non estaban previstas no documento de invitación enviado as empresas adxudicatarias do Acordo Marco, xa que no momento da tramitación do contrato baseado ditas subministracións estaban a nome do SUPLUSA, sendo este ente instrumental o encargado de xestionar todo o relacionado con ditas subministracións. Pero na sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Lugo do 30 de Novembro de 2020, adoptáronse entre outros os seguintes acordos:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís...”

A cesión global de activo e pasivo implica a subrogación da Deputación na posición xurídica da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular. Por tal motivo as subministracións eléctricas do Taller da Pedra de Begonte e a Residencia de Ribas de Sil pasarán a ser asumidas pola Deputación de Lugo, para o cal será preciso incorporalas ao contrato eléctrico da mesma”.

b) Pola súa banda, o artigo 190 da LCSP exprésase en termos similares ao sinalar que “Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razón de interese público”

A continuación, no artigo 191.1 da LCSP establécese que “Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista”. A este respecto, indicar que, a pesar de estar prevista no PCA á modificación do contrato baseado para incluír altas ordinarias, obra no expediente documento de conformidade co inicio do expediente de modificación do presente contrato baseado nos termos indicados na consideración terceira, asinado pola adxudicataria de dito contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., en virtude do cal, entendese cumprido o trámite de audiencia ao contratista ao que se refire o artigo 191.1 da LCSP.

c) Ao ser esta unha modificación dun contrato baseado nun acordo marco, resulta tamén de aplicación o previsto no Artigo 222 da LCSP, relativo á Modificación dos Acordos Marco marco e dos Contratos Baseados nun Acordo Marco, que no seu apartado primeiro sinala o seguinte:

“Os acordos marco e os contratos baseados poderán ser modificados de acordo coas regras xerais de modificación dos contratos. En todo caso, non se poderán introducir por contrato baseado modificacións substanciais respecto do establecido no acordo marco.



Os prezos unitarios resultantes da modificación do acordo marco non poderán superar nun 20 por cento aos prezos anteriores á modificación e en ningún caso poderán ser prezos superiores aos que as empresas parte do acordo marco ofrezan no mercado para os mesmos produtos.”

A este respecto no informe asinado polo Responsable do contrato baseado establécese o seguinte:

“En relación a primeira cuestión indicar que a modificación do contrato baseado que se pretende realizar para introducir as dúas subministracións descritas na consideración terceira do presente informe, non supón unha modificación substancial respecto do establecido no Acordo Marco. Trátase de dúas novas subministracións, que serán realizadas nas mesmas condicións que as que forman parte da contratación, respectando o indicado nos Pregos Reitores da mesma.

No que respecta a segunda das cuestións sinaladas no artigo 221.1 da LCSP, procede indicar que os prezos unitarios que se aplicarán nas dúas novas subministracións que resulten da modificación do contrato baseado, serán os mesmos que os ofertados pola empresa adxudicataria do contrato baseado para a tarifa correspondente (a 3.1A no taller da Pedra de Begonte e a 3.0A na Residencia de Ribas de Sil) e que polo tanto tamén se cumpre co indicado neste punto.”

Á vista do exposto cúmprese o sinalado no artigo 222 da LCSP.

Quinta.-As regras xerais de modificación dos contratos regúlanse nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

1. Respecto da potestade de modificación do contrato, o apartado 1 do artigo 203 da LCSP sinala que “os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.” Pola súa banda o apartado segundo do mencionado artigo 203 dispón que “os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

Respecto da primeira cuestión sinalar que de acordo coa Circular remitida pola Sección de Innovación a todos os servizos da entidade provincial con data 24 de xullo do 2020 e en base ao exposto na petición da Sección de Patrimonio do día 11 de febreiro do 2021, así como segundo o indicado na sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Lugo do 30 de Novembro de 2020 sobre a extinción do SUPLUSA e subrogación da Deputación na posición xurídica do SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular, motívase a concorrencia de interese público na modificación número 2 do contrato baseado que se pretende realizar, como indica o responsable do contrato no seu informe, pola necesidade de proporcionar subministración de enerxía eléctrica no Taller da Pedra de Begonte e na Residencia de Ribas de Sil, así como que ditos contratos deberán estar a nome da Deputación de Lugo, implicando isto último a súa inclusión no referenciado contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión. Por outra banda, hai que cumprir tamén coa obriga de tramitar as altas de novas subministración deste tipo a través do Acordo Marco da Central da Contratación da FEMP.

Indicar tamén que, tendo en conta que no PCA do Acordo Marco están previstas expresamente as modificacións dos contratos baseados nos termos que se establecen no artigo 204 da LCSP, para a modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión, que se pretende realizar habería que acudir ao sinalado no artigo 204 da LCSP.

2. O Artigo 204 da LCSP, establece textualmente:



“1. Os contratos das Administracións Públicas poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial cando nos pregos de cláusulas administrativas particulares se advertira expresamente desta posibilidade, na forma e co contido seguintes:

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Así mesmo, no que respecta a o seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que haxa de seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que a modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por estes.

En ningún caso os órganos de contratación poderán prever no prego de cláusulas administrativas particulares modificacións que poidan alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera esta se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van a adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.”

No informe do Responsable do contrato baseado xustifícase o cumprimento dos requisitos do artigo 204 da LCSP nos seguintes termos:

“No que respecta á porcentaxe máxima de modificación indicada no apartado 1 do artigo 204 da LCSP, para calcular o incremento sobre o prezo inicial do contrato baseado que supón a modificación número 2 a realizar, hai que acudir ao seu prezo de adxudicación. O prezo de

adxudicación do contrato baseado ascendeu a 542.429,22 euros. Este importe inclúe 94.140,61 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; cantidade que se engade aos 448.288,61 euros de base. Este último importe sen considerar o IVE, será o que se tome como referencia aos efectos de calcular a porcentaxe de incremento que supón sobre o seu prezo inicial a modificación do contrato baseado que se pretende realizar.

Tamén debemos ter en conta que como xa se indicou anteriormente na Xunta de Goberno do 20 de Novembro do 2020 aprobouse unha primeira modificación do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adxudicación de 2.000,00 €, aos que haberá que engadir 420,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 2.420,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. Dita modificación supoñía un incremento dun 0,45 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto o 20 % do seu prezo inicial (IVE excluído).

Polo tanto, e tendo en conta que o gasto que se estima para estas dúas subministracións é de 6.000,00 euros (IVE excluído) (3.500,00 euros IVE excluído corresponden á subministración do Taller da Pedra de Begonte e 2.500,00 IVE excluído á subministración da Residencia de Ribas de Sil), a modificación número 2 do contrato baseado que se pretende realizar supón un incremento dun 1,34 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). A suma das dúas modificacións supón un incremento dun 1,79 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto a suma da modificación xa realizada e esta o 20 % do seu prezo inicial (IVE excluído).

Por outra banda, cúmprese tamén coa previsión sinalada nas letras a) e b) do apartado 1 do artigo 204 da LCSP, xa que como se indicou anteriormente a modificación está prevista na cláusula 21.3 PCA do Acordo Marco de forma clara, precisa e inequívoca.

Respecto do sinalado no apartado 2 do artigo 204 da LCSP, sinalar que a modificación número 2 que se pretende realizar non altera de ningún modo a natureza global do contrato inicial, que non é outra que a subministración de enerxía eléctrica na Deputación de Lugo. A finalidade da



modificación do contrato baseado, responde á necesidade de realizar dúas subministracións ordinarias de enerxía eléctrica para a entidade provincial que non implica a substitución das subministracións que se realizan por outras diferentes e que como xa se indicou anteriormente na análise do artigo 222 da LCSP, están claramente incluídas no obxecto do contrato.”

A vista do exposto enténdese xustificada a modificación número 2 do contrato baseado que se pretende realizar ao cumprir os requisitos esixidos polo artigo 204 da LCSP, aplicable neste suposto.

3. Para a realización da modificación número 2 que se pretende hai que ter en conta tamén, o previsto no artigo 207.1 da LCSP ónde se establece que “No caso previsto no artigo 204 as modificacións contractuais acordaranse na forma que se especificou nos pregos de cláusulas administrativas particulares”.

Sobre este particular no informe do Responsable do contrato mencionado sinálase que “A este respecto como xa se indicou, a cláusula 21.3 do PCA do Acordo Marco sinala a obrigatoriedade para a adxudicataria de subministrar electricidade nestes novos puntos de subministración ordinarios cando lle sexan solicitados, sempre que supoñan, como máximo, un incremento do 20% respecto do prezo que representasen os puntos de subministración incluídos no Documento de Invitación. Pese a esta obrigatoriedade para a adxudicataria, obra no expediente documento de conformidade da adxudicataria coa modificación que se pretende realizar. Nese mesmo artigo tamén se indica a obrigatoriedade de que a Deputación de Lugo incorpore no expediente xerado na Plataforma de Contratación da FEMP a comunicación que realicemos á adxudicataria do Contrato Baseado. Nela figurará ademais da solicitude de ampliación dos puntos de subministración, a expresa indicación do que esta supón sobre o xa contratado...”. A vista do exposto enténdese tamén cumprido este extremo.

4. Indicar, ademais, que na modificación número 2 que se pretende realizar, non será preceptivo ditame do Consello de Estado ou Órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, en virtude do indicado no artigo 191.3 b) na LCSP “Las modificaciones de los contratos cuando no estuvieran previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares y su cuantía, aislada o conjuntamente, sea superior a un 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido,

y su precio sea igual o superior a 6.000.000 de euros”, posto que como xa se indicou, esta modificación está prevista no PCA do Acordo Marco.

5. Respecto das obrigas do adxudicatario sinalar que, o mesmo deberá estar ao disposto na cláusula 21.3 do PCA do acordó marco: (Execución e cumprimento dos contratos baseados) sinala textualmente: “El Contratista estará obligado a suministrar electricidad a aquellos nuevos puntos de suministro ordinarios (no eventuales o de temporada) no incluidos en el Documento de Invitación que sean solicitados por las Entidades Locales siempre que supongan, como máximo, un incremento del 20% respecto del precio que representasen los puntos de suministro incluidos en el Documento de Invitación, ajustándose a lo dispuesto en el art 204.1 de la LCSP. Estos nuevos puntos de suministro pasarán a formar parte del Contrato basado con los precios y contenidos que en él se establecen. A estos efectos será necesario que la Entidad Local incorpore al expediente generado en la Plataforma de Contratación de la FEMP la comunicación que ésta realice a la adjudicataria del Contrato basado en la que se solicite esta ampliación de puntos de suministro, con expresa indicación de lo que ésta supone sobre lo ya contratado.”

6. Por tratarse dun contrato de subministración suxeito a regulación harmonizada (o valor estimado do mesmo é de 2.151.785,33 euros), hai que cumprir co indicado no artigo 207.3 da LCSP “Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley”.

Tamén é de aplicación o seguinte apartado, recollido nese mesmo artigo: “Asimismo los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación”



En base ao exposto deberá darse publicidade á modificación número 2 do contrato baseado mediante a publicación do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Sexta.- Tal e como expón o responsable do contrato no seu informe, o importe do gasto para estas dúas subministracións a incluír no modificado número 2, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos cordó ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Sétima.- A modificación número 2 do contrato baseado non conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.3 da LCSP, posto que para a adxudicación do mesmo non foi obxecto de constitución. A este respecto no propio cordó da Xunta de Goberno de 26 de xuño do 2020 polo que se procedeu a adxudicación do contrato baseado indicábase o seguinte:

“Tendo en conta as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 garantía e 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 11, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco. No caso de que o adxudicatario fose obxecto de penalidades pola execución non adecuada do contrato baseado, estas faranse efectivas mediante dedución das cantidades pendentes de pago”

Oitava.- Respecto da formalización da modificación número 2 do contrato baseado, e de acordo co sinalado no artigo 153 da LCSP, nos contratos baseados nun cordó marco non resultará necesaria a formalización do contrato, Conforme ao establecido no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os contratos baseados nun acordo marco, o que resulta aplicable tamén á súa modificación, perfecciónanse coa notificación da súa adxudicación ao contratista.

Novena.- Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.6.5 das bases de execución do orzamento 2021, enténdese desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do artigo 204 da LCSP.

“Base 36, apartado 1.3.6.5 Modificación do contrato:

a) No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

b) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

Décima.- Polo que se refire ao órgano competente para realizar a modificación número 2 do contrato baseado a realizar, e de conformidade co previsto nos artigos 61.1 e 61.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación, que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Conclusión:



En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación número 2 do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), sempre que se fiscalice o expediente pola Intervención.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar, en virtude da solicitude realizada pola Sección de Patrimonio con data 11 de febreiro de 2021 (EXPED2021/XEN_01/000356) e do informe do responsable do contrato, a modificación número 2 do contrato baseado para a Subministración de Enerxía Eléctrica para a Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración de Electricidade en alta e baixa tensión (EXP2020/CON_01/000013), cun incremento do prezo de adxudicación de 6.000,00 €, aos que haberá que engadir 1.260,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 7.260,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Os datos técnicos das dúas subministracións procedentes do SUPLUSA a incluír no contrato baseado descrito no parágrafo anterior son os seguintes:

SUBMINISTRACIÓN-CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA	EMPRESA QUE ESTÁ PRESTANDO ACTUALMENTE A SUBMINISTRACIÓN
TALLER DA PEDRA DE BEGONTE-ES0033770060787001HFOF	LUG MARCO (CARRAL) POL IND 27372 BEGONTE-LUGO	P1=P2=P3= 20 kW	3. 1A	Gas Natural Comercializadora S.A. CIF: A6179**** Nº CONTRATO: 01421504001123
RESIDENCIA RIBAS DE SIL ES0022000009074688VW	RÚA ANTONIO PEDROSA 38 SAN CLODIO 27310 RIBAS DE SIL.	P1=P2=P3= 15,001	3.0A	Iberdrola Clientes S.A.U. CIF: A-9575**** Nº CONTRATO: 625202030

O importe da modificación número 2 a realizar detallado por puntos de subministración, resúmese na seguinte táboa:

SUBMINISTRACIÓN-CUPS	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
TALLER PIEDRA DE BEGONTE ES0033770060787001HFOF	3.500,00 €	735,00 €	4.235,00 €
RESIDENCIA RIBAS DE SIL ES0022000009074688VW	2.500,00 €	525,00 €	3.025,00 €
TOTAL	6.000,00 €	1.260,00 €	7.260,00 €

O importe do gasto para estas dúas subministracións foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A data estimada prevista para o inicio das dúas subministracións a través do contrato baseado de referencia é o 15 de marzo de 2021, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar.

2º.- Adxudicar este modificado número 2 á empresa adxudicataria do contrato baseado, Gas Natural Comercializadora, S.A., con NIF A6179****, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 456.288,61 €, aos que haberá que engadir 95.820,61 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 552.109,22 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 1,34 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, que sumado ao anterior incremento realizado que era dun 0,45 %, fai que as modificacións totais do contrato supoñan un incremento dun 1,79 % sobre o prezo inicial do contrato.

A adxudicataria ademais deberá ter en conta que na cláusula 21.3 do mencionado PCA se indica que estes dous novos puntos de subministración ordinarios pasará a formar parte do contrato baseado cos prezos e contidos que nel se establecen.

Os prezos unitarios ofertados pola adxudicataria e que rexerán nestas novas subministracións incluídas no modificado número 2, resúmense na seguinte táboa:



PREZO UNITARIO OFERTADO POLO ADXUDICATARIO
OFERTA GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. TEi (€/kWh)

Tipo Tarifa	TE1	TE2	TE3	TE4	TE5	TE6
2.0A	0,1049					
2.0DHA	0,1245	0,0540				
2.0DHS	0,1251	0,0596	0,0464			
2.1A	0,1182					
2.1DHA	0,1371	0,0650				
2.1DHS	0,1376	0,0745	0,0521			
<u>3.0A</u>	<u>0,0868</u>	<u>0,0741</u>	<u>0,0537</u>			
2.0DHA AP	0,1245	0,0540				
2.1DHA AP	0,1371	0,0650				
3.0A AP	0,0868	0,0741	0,0537			
<u>3.1A</u>	<u>0,0756</u>	<u>0,0691</u>	<u>0,0527</u>			
6.1	0,0921	0,0804	0,0646	0,0571	0,0552	0,0482

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 26 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adxudicación do contrato baseado.

3º.- A formalización do modificado número 2 realizarase conforme co disposto no artigo 153 da LCSP e será publicado de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN NÚMERO 2, SE PROCEDE, DO CONTRATO BASEADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DO GAS NATURAL NAS DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN DE LUGO A TRAVÉS DO ACORDO MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP PARA A SUBMINISTRACIÓN DO GAS NATURAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Responsable do Contrato de referencia e visto o informe xurídico, do seguinte tenor literal.

“Antecedentes

Primeiro. En relación á contratación da “Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural (EXP2020/CON_01/000009)”, na Xunta de Goberno de 05 de xuño do 2020 adoptouse o seguinte acordo, en virtude do cal se adxudicaba a contratación á empresa Endesa Energía S.A.U:

“1. Aprobar o gasto da contratación da Subministración do Gas Natural nas Dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural-Núm. De Expediente 2020/CON_01/000009, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 214.507,46 EUROS. O orzamento base de licitación inclúe 37.228,57 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 177.278,89 euros de base, de resos co establecido no artigo 100.1 da LCSP atendendo ao seguinte desglose:

CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
PAZO PROVINCIAL	9200.22102	73.172,00	48.781,33	22020/3826	24.390,67	220209/80
MUSEO PROVINCIAL	3330.22102	18.984,08	12.656,05	22020/3827	6.328,03	220209/81
PAZO DOS DEPORTES	3420.22102	72.654,50	48.436,33	22020/3829	24.218,17	220209/82
SERVIZO AUDIOVISUAIS	3241.22102	11.056,79	7.371,19	22020/3838	3.685,60	220209/83
SANTA MARIA Nº 2	4500.22102	17.732,99	11.821,99	22020/3839	5.911,00	220209/84
SANTA MARIA Nº 4	2413.22102	18.892,18	12.594,79	22020/3840	6.297,39	220209/85
SANTA MARIA Nº 9	2413.22102	2.014,92	1.343,28	22020/3841	671,64	220209/86
TOTAL		214.507,46	143.004,97		71.502,49	

En virtude do disposto no informe de intervención de data 05/03/2020, existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 143.004,97 euros, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas resos ión sinaladas na táboa anterior.



Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

O Orzamento Base de Licitación da presente contratación, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos resos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

2. Adxudicar o contrato baseado para a subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de contratación da FEMP para a subministración do Gas Natural, a favor da empresa Endesa Energía S.A.U, con NIF A-81948077.

3. A empresa adxudicataria comprométese a subministrar Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo, ata un importe máximo de de 177.278,89 euros, aos que hai que engadir 37.228,57 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 214.507,46 euros, de acordo co seguinte detalle e tendo en conta a data prevista de inicio da subministración:

CENTRO E NÚMERO DE CUP	APLICACIÓN	IMPORTE	ANO 2020	RC	ANO 2021	RC
ES0224050025509003HG PAZO PROVINCIAL SAN MARCOS	9200.22102	73.172,00	48.781,33	22020/3826	24.390,67	220209/80
ES0224050033820221EB MUSEO PROVINCIAL	3330.22102	18.984,08	12.656,05	22020/3827	6.328,03	220209/81
ES022405000065556NP PAZO DOS DEPORTES	3420.22102	72.654,50	48.436,33	22020/3829	24.218,17	220209/82
ES0224050025508210YQ SANTO ANXO-ANTIGA FUNDACIÓN TIC	3241.22102	11.056,79	7.371,19	22020/3838	3.685,60	220209/83
ES0224050025508673AL SANTA MARÍA Nº 2	4500.22102	17.732,99	11.821,99	22020/3839	5.911,00	220209/84
ES0224050025508774PM SANTA MARÍA Nº 4	2413.22102	18.892,18	12.594,79	22020/3840	6.297,39	220209/85
ES0224050025508874NJ STA. MARÍA Nº 9	2413.22102	2.014,92	1.343,28	22020/3841	671,64	220209/86
TOTAL		214.507,46	143.004,97		71.502,49	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír

nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas na táboa anterior.

Os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario e que rexerán na presente contratación, resúmense na seguinte táboa:

Prezo unitario ofertado polo adxudicatario do contrato					
LICITADOR		TARIFAS DE ACCESO			
		3.1	3.2	3.3	3.4
ENDESA ENERGÍA S.A.U	Prezo €/kWh	0,053208	0,045401	0,040306	0,032763

Os prezos unitarios soamente poderán ser modificados en virtude do disposto na Cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 2, Duración dos Contratos baseados e revisión de prezos do PCA do Acordo Marco, onde se indica:

“Si durante la vigencia del Acuerdo Marco se produjese una modificación regulatoria que afectase al importe de los conceptos regulados que integran el precio total del suministro o de otros conceptos regulados por la Administración, los precios aplicados por los contratistas se actualizarán en la misma proporción en que varíe cada una de las tarifas, entrando en vigor la modificación de precios en la misma fecha en que entre en vigor la modificación de las tarifas.

Esta modificación de precios podrá ser, tanto al alza como a la baja, pudiendo el contratista ofertar una modificación de precios distinta que la resultante de la modificación de las tarifas de acceso o del importe de alguno de sus elementos, siempre que la misma resulte económicamente más ventajosa...”.

4. A duración do Contrato Baseado será de un ano, contemplándose a posibilidade de celebrar prórrogas. Poderán celebrarse ata un máximo de tres prórrogas, sendo a duración de cada unha delas dun ano, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas exceda de 4 anos.

5. O adxudicatario, como condición especial de execución de carácter ambiental, de acordo co previsto na cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 5 Condicións Especiais de Execución do PCA do Acordo Marco e o recollido nos documentos de invitación, deberá executar un estudo e prestar asesoramento sobre a posibilidade de realizar un cambio das instalacións.



instalación gasistas ou doutro combustible de titularidade da Deputación de Lugo a Gas Natural, por motivos vinculados á eficiencia enerxética.

6. Tendo en contra as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 garantía e 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 10, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco. No caso de que o adxudicatario fose obxecto de penalidades pola execución non adecuada do contrato baseado, estas faranse efectivas mediante dedución das cantidades pendentes de pago.

7. O presente contrato baseado, conforme ao establecido no artigo 36.3 da Lei9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista por parte desta entidade local.

Non obstante o anterior, e, en virtude do indicado na cláusula 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 3 Execución e cumprimento dos contratos baseados do PCA do Acordo Marco, onde se indica: “En lo referente a la prestación efectiva del suministro, la adjudicataria deberá iniciar el mismo en el plazo máximo de un (1) mes desde la notificación de la resolución de adjudicación, a no ser que la Entidad Local indicara un plazo superior y siempre y cuando no se produzcan retrasos en la aceptación de acceso de terceros a las instalaciones gasistas por parte de la distribuidora”, aínda que o prazo de duración do presente contrato baseado comezará a contar desde o momento no que se produza á notificación da súa adxudicación ao contratista, á prestación efectiva da subministración iniciárase no prazo máximo de un mes desde dita notificación. Durante este prazo, a subministración seguirá realizándose pola mesma empresa e nas mesmas condicións que se están facendo actualmente, xa que as dependencias da Deputación de Lugo non poden quedar sen a prestación deste servizo esencial.

8. Notificar a presente adxudicación aos interesados conforme ao establecido na Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP, isto é, a través de dirección electrónica habilitada ou mediante comparecencia electrónica, realizándose, cordó unha comunicación adicional a

través da plataforma informática da Central de Contratación da FEMP, de acordo co previsto ao efecto na cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco.

Lembrar que segundo o punto 1 da Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP e tal e como sinala tamén a mencionada cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os prazos para contar desde a notificación computaranse desde a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fóra mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación se publicara o mesmo día no Perfil de contratante do Órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado.

9. Dar traslado do contido íntegro do presente acordo ao Servizo de Contratación e Fomento desta entidade, aos efectos da publicación da adxudicación do contrato baseado, no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), conforme ao establecido no artigo 154.4 da LCSP.”

Segundo. Conforme ao establecido no artigo 36.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo Marco, os contratos baseados nun acordo marco perfecciónase coa notificación da súa adxudicación ao contratista por parte desta entidade local. Segundo o punto 1 da Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP e tal e como sinala tamén a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, os prazos para contar dende a notificación da adxudicación do contrato computaranse dende a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fóra mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación fora publicado o mesmo día no Perfil do contratante do Órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computarán desde a recepción da notificación polo interesado. A notificación da adxudicación do contrato baseado enténdese practicada o día 12 de xuño de 2020, data na que o adxudicatario a recibiu, sendo esta a data de inicio do contrato baseado a efectos de cómputo de prazos (pois a publicación da adxudicación do mesmo no Perfil do contratante do Órgano de contratación da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno) realizouse nunha data posterior, o 23 de Xuño de 2020). En canto á data de inicio da prestación da subministración, a adxudicataria procedeu a efectualo a partir do 01 de



Xullo de 2020. Estas datas quedan reflexadas na acta de inicio do contrato baseado de subministración a cal foi asinada o día 10 de xullo de 2020.

Terceiro. Con data 24 de xullo de 2020, dende Sección de Innovación e Participación Cidadá-Axencia da Enerxía remitiuse circular que obra no expediente, a todos os departamentos da Deputación de Lugo onde textualmente se indicaba:

“En caso de ser necesaria unha nova alta de subministración de gas natural ou de electricidade (neste último caso tanto de carácter eventual como non eventual), estas deberán tramitarse obrigatoriamente a través dos Acordos Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de gas natural ou de electricidade en alta e baixa tensión antes mencionados, non sendo posible realizar outros contratos ao marxe dos mesmos. Por este motivo, calquera nova alta de subministración deberá ser posta en coñecemento da Axencia da Enerxía a través do correo electrónico axencia.enerxia@deputacionlugo.org.

A estes efectos, para a alta de novas subministracións e de cara a súa tramitación por parte da Axencia da Enerxía, deberá aportarse cunha antelación de 3 meses a documentación técnica que sexa precisa en función da subministración que se precise (boletín de instalación, tarifa, potencia a contratar, etc.), sendo necesario poñerse en contacto previamente para a obtención de dita documentación técnica, co Servizo encargado da xestión das instalacións”.

Cuarto.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 20 de Novembro do 2020, adoptou o seguinte acordo, en virtude do cal se aprobou o modificado número 1 do citado contrato baseado, para incluír unha nova subministración no mesmo:

“1. Aprobar, en virtude da solicitude realizada polo Servizo de Arquitectura e do informe do Responsable do Contrato, a modificación do contrato baseado para a Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural (EXP2020/CON_01/000009), cun incremento do prezo de adxudicación de 7.000 €, aos que haberá que engadir 1.470,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 8.470,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Os datos técnicos da nova subministración a realizar son os seguintes:

CENTRO CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA
PRODUCTORA TIC-ES0224050000773033KM	Rúa Arco Número 8, 27003 LUGO	65 KW	3.2

A data prevista de inicio da subministración é o 1 de decembro de 2020, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos necesarios para dalo de alta.

O importe por anualidades da modificación a realizar resúmese na seguinte táboa:

CENTRO CUPS	IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) ANUALIDADE 2020	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) ANUALIDADE 2021
PRODUCTORA TIC-ES0224050000773033KM	7.000,00 €	1.470,00 €	8.470,00 €	2.000,00 €	6.470,00 €

O importe do gasto para esta nova subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2021 as cantidades indicadas na táboa anterior nas aplicacións orzamentarias correspondentes. Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario do contrato baseado e que rexerán no presente modificado, resúmense na seguinte táboa:



Prezos unitarios ofertados polo adxudicatario do contrato baseado					
EMPRESA		TARIFAS DE ACCESO			
		3.1	3.2	3.3	3.4
ENDESA ENERGÍA S.A.U	Prezo €/kWh	0,053208	0,045401	0,040306	0,032763

2. Adxudicar este modificado á empresa adxudicataria do contrato baseado, Endesa Energía S.A.U., con NIF A-8194****, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 184.278,89 €, aos que haberá que engadir 38.698,57 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 222.977,46 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 3,95% sobre o prezo inicial do contrato baseado.

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 12 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adxudicación do contrato baseado.

3. A formalización do modificado realizarase de acordo co establecido no artigo 153 da LCSP, conforme ao previsto no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado B) do PCA do Acordo marco, e será publicado de conformidade co sinalado nos artigos 207 e 63 da LCSP, mediante a inserción dos correspondentes anuncios no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.”

Quinto.- Con data 11 de febreiro de 2021, dende a Sección de Patrimonio se envía solicitude á Sección de Innovación-Axencia da Enerxía 2021/XEN_01/000356 onde se indica o seguinte:

“O Pleno desta Excm. Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020. a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís...”

A cesión global de activo e pasivo implica a subrogación da Deputación na posición xurídica da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular.

A Sociedad Urbanística era titular de dous contratos de subministro de luz e un contrato de subministro de gas.

Na circular emitida desde a Sección de Innovación e Participación Cidadá Axencia da Enerxía, en data de 23 de xullo de 2020, infórmase que os contratos de subministración de gas natural e de electricidade nas dependencias da Deputación de Lugo, serán xestionados desde a Axencia da Enerxía, indicando que caso de ser necesaria unha nova alta de subministración de gas natural ou de electricidade (neste último caso tanto de carácter eventual como non eventual), estas deberán tramitarse obrigatoriamente a través dos Acordos Marco da Central de Contratación da FEMP para a subministración de gas natural ou de electricidade en alta e baixa tensión antes mencionados, non sendo posible realizar outros contratos ao marxe dos mesmos e engadindo que calquera nova alta de subministración deberá ser posta en coñecemento da Axencia da Enerxía a través do correo electrónico axencia.enerxia@deputacionlugo.org.

De acordo co exposto, solicítase a alta das seguintes subministracións de cara a súa tramitación por parte da Axencia da Enerxía:

1. Contrato Subministro Gas Natural. Empresa: Naturgy Iberia S.A.

Dirección de subministro: Rúa San Marcos 11 27001 Lugo.

Contrato 11082733.

2. Contrato Subministro electricidade. Empresa: Gas Natural Comercializadora S.A.

Dirección de subministro: LG. Marco (Carral) Pol. Industrial

27372 Begonte (Lugo)

Contrato 01421504001123.

CUPS: ES0033770060787001HF0F.

3. Contrato Subministro electricidade. Empresa: Iberdrola Clientes S.A.U.



Dirección de subministro: Rúa Antonio Pedrosa 38 San Clodio 27310 Ribas de Sil.

Contrato 625202030.

A estes efectos, achegamos as últimas facturas emitidas referentes aos subministros detallados.”

Polo tanto, en relación ao contrato baseado obxecto do presente informe, (Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural), solícitase a inclusión no mesmo da seguinte subministración de gas natural procedente do SUPLUSA: Inmable da Praza de San Marcos nº 11 Contrato 11082733.

Consideracións xurídicas:

Primeira.- A D.T 1ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, di: “1. Os expedientes de contratación iniciados antes da entrada en vigor desta Lei rexeranse pola normativa anterior. A estes efectos entenderase que os expedientes de contratación foron iniciados se se publicou a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato. No caso de procedementos negociados sen publicidade, para determinar o momento de iniciación tomarase en conta a data de aprobación dos pregos.

2. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.”

En consecuencia cabe interpretar que á presente adxudicación resulta de aplicación a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, ao adxudicarse o contrato baseado estando vixente esta norma.

Segunda. A adxudicación do contrato baseado para a Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural (EXP2020/CON_01/000009), realizouse conforme

ao disposto no Acordo Marco para a subministración de gas natural e aos pregos de cláusulas administrativas particulares (en diante PCA) e de prescricións técnicas (en diante PPT) de dito Acordo Marco, que rexeron a súa licitación, tras a adhesión á Central de Contratación por parte da Deputación de Lugo na sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo celebrado o 26 de novembro de 2019.

A execución e resolución do contrato baseado supéditase ao disposto no Acordo Marco para a prestación da subministración de gas natural da Central de Contratación e nos PCA e PPT que rexeron a licitación deste Acordo Marco, así como ao disposto pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) e, en canto non se opoña, ao disposto polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Supletoriamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado. Así mesmo, será de aplicación ao Acordo Marco e aos Contratos baseados no mesmo, a normativa sectorial vixente en cada momento.

Terceira.- Mediante Resolución da Presidencia de data 26-03-2020, procedeuse ao nomeamento como responsable do contrato baseado a D. Antonio Álvarez Cabana, Enxeñeiro Industrial Superior Coordinador da Axencia Provincial da Enerxía.

O Enxeñeiro Industrial Superior Coordinador da Axencia Provincial da Enerxía, coa conformidade do Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá e do Deputado de Promoción Económica e Social, mediante informe que obra no expediente, solicita que se realicen os trámites oportunos para aprobar a modificación número 2 do contrato baseado sinalado por importe de 2.500,00 €, aos que haberá que engadir 525,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 3.025,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. En dito documento, infórmase favorablemente a adxudicación do modificado número 2 en favor da empresa adxudicataria do contrato baseado, Endesa Energía S.A.U., con NIF A-8194****, de cordó cos seguintes extremos:



a) O obxecto da modificación a realizar, en base á petición realizada pola Sección de Patrimonio que obra no expediente, é incluír unha subministración procedente do SUPLUSA no contrato baseado para a Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural, a cal ten os seguintes datos técnicos:

CENTRO CUPS	DIRECCIÓN	POTENCIA	TARIFA	EMPRESA QUE ESTÁ PRESTANDO ACTUALMENTE A SUBMINISTRACIÓN
INMOBLE DA PRAZA DE SAN MARCOS Nº 11- ES0224050036237764TR	Rúa San Marcos 11 27001 Lugo BJ LOCAL		3.2	Naturgy Iberia S.A. CIF: A0843**** Nº CONTRATO: 11082733

b) O prezo do contrato baseado tras a modificación a realizar, sería de 186.778,89 €, aos que haberá que engadir 39.223,57 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 226.002,46 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 1,41% sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). Como xa se indicou anteriormente, en virtude do acordo da xunta de Goberno do 20 de novembro de 2020 neste contrato xa se fixo unha modificación previa, que supoñía un incremento dun 3,95% sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). A suma das dúas modificacións da un incremento dun 5,36% sobre o prezo inicial do contrato (IVE excluído), non superando por tanto a suma da modificación xa realizada e esta o 50% do seu prezo inicial (IVE excluído).

A data estimada prevista para o inicio da subministración a través do contrato baseado de referencia é o 15 de marzo DE 2021, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar.

O importe do gasto para esta subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario do contrato baseado e que rexerán no presente modificado número 2, resúmense na seguinte táboa:

Prezos unitario ofertados polo adxudicatario do contrato baseado					
EMPRESA		TARIFAS DE ACCESO			
		3.1	3.2	3.3	3.4
ENDESA ENERGÍA S.A.U	Prezo €/kWh	0,053208	<u>0,045401</u>	0,040306	0,032763

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 12 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adxudicación do contrato baseado.

Cuarta.- No que respecta ao procedemento a seguir para proceder á modificación número 2 do contrato baseado e incluír a subministración descrita na consideración anterior, compre acudir ao sinalado ao respecto tanto no PCA do Acordo Marco como na LCSP:

a) A Cláusula 23 do PCA do Acordo Marco (prerrogativas dos entes locais, réxime de invalidez, réxime de recursos e xurisdición competente), punto 1 (Prerrogativas da Administración), establece que “O Órgano de contratación de cada Entidade Local terá a prerrogativa de interpretar os Contratos baseados, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta en virtude do artigo 190 e seguintes da LCSP”.

b) Pola súa banda, o artigo 190 da LCSP exprésase en termos similares ao sinalar que “Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razón de interese público”

A continuación, no artigo 191.1 da LCSP establécese que “Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista”. A este respecto, indicar que obra no expediente documento de conformidad eco inicio do expediente de modificación do presente contrato baseado nos termos indicados na consideración anterior, asinado pola adxudicataria de dito contrato baseado, Endesa



Energía S.A.U, en virtude do cal, entendese cumprido o trámite de audiencia ao contratista ao que se refire o artigo 191.1 da LCSP.

c) Ao ser esta unha modificación dun contrato baseado nun acordo marco, resulta tamén de aplicación o previsto no Artigo 222 da LCSP, relativo á Modificación dos Acordos Marco marco e dos Contratos Baseados nun Acordo Marco, que no seu apartado primeiro sinala o seguinte:

“Os acordos marco e os contratos baseados poderán ser modificados de acordo coas regras xerais de modificación dos contratos. En todo caso, non se poderán introducir por contrato baseado modificacións substanciais respecto do establecido no acordo marco.

Os prezos unitarios resultantes da modificación do acordo marco non poderán superar nun 20 por cento aos acordos anteriores á modificación e en ningún caso poderán ser acordos superiores aos que as empresas parte do acordo marco ofrezan no mercado para os mesmos acordos.”

A este respecto no informe asinado polo Responsable do contrato baseado establécese o seguinte:

“En relación a primeira cuestión indicar que a modificación do contrato baseado que se pretende realizar para introducir a subministración descrita na consideración terceira do presente informe, non supón unha modificación substancial respecto do establecido no Acordo Marco. Trátase dunha nova subministración, que será realizada nas mesmas condicións que as que forman parte da contratación, respectando o indicado nos Pregos Reitores da mesma.

No que respecta a segunda das cuestións sinaladas no artigo 221.1 da LCSP, procede indicar que os acordos unitarios que se aplicarán na nova subministración que resulte da modificación do contrato baseado, serán os mesmos que os ofertados pola empresa adxudicataria do contrato baseado para a tarifa correspondente (a 3.2), e que polo tanto tamén se cumpre co indicado neste punto.”

Á vista do exposto cúmprese o sinalado no artigo 222 da LCSP.

Quinta.-As regras xerais de modificación dos contratos regúlanse nos artigos 203 e seguintes da LCSP.

1. Respecto da potestade de modificación do contrato, o apartado 1 do artigo 203 da LCSP sinala que “os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nesta Subsección, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.” Pola súa banda o apartado segundo do mencionado artigo 203 dispón que “os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;

b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205”.

Respecto da primeira cuestión sinalar que de acordo coa Circular remitida pola Sección de Innovación a todos os servizos da entidade provincial con data 24 de xullo do 2020 e en base ao exposto na petición da Sección de Patrimonio do día 11 de febreiro do 2021, así como segundo o indicado na sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Lugo do 30 de Novembro de 2020 sobre a extinción do SUPLUSA e subrogación da Deputación na posición xurídica do SUPLUSA respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular, motívase a concorrencia de interese público na modificación número 2 do contrato baseado que se pretende realizar, como indica o responsable do contrato no seu informe, pola necesidade de proporcionar subministración de gas natural no inmovble da Praza de San Marcos nº 11, así como que dito contrato deberá estar a nome da Deputación de Lugo, implicando isto último a súa inclusión no referenciado contrato baseado para a Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural. Por outra banda, hai que cumprir tamén coa obriga de tramitar as altas de novas subministracións deste tipo a través do Acordo Marco da Central da Contratación da FEMP.



Tendo en conta que no PCA do Acordo Marco non están previstas expresamente as modificacións dos contratos baseados nos termos que se establecen no artigo 204 da LCSP, para a modificación número 2 do contrato baseado para a subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de contratación da FEMP para a subministración do Gas Natural, que se pretende realizar habería que acudir ao sinalado no artigo 205 da LCSP.

2. O artigo 205 da LCSP, no seu apartado primeiro establece que as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares ou que, sendo previstas, non se axusten ao establecido no artigo anterior, só poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.

b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

En relación ao sinalado na letra a) anterior, a modificación do contrato baseado que se pretende levar a cabo para incluír a subministración descrita, como se indica no informe do responsable do contrato baseado, atopa a súa xustificación no suposto indicado no apartado segundo, letra b) do artigo 205 onde se di textualmente:

“b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derívese de circunstancias sobrevenidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato, a condición de que se cumpran as tres condicións seguintes:

1º Que a necesidade da modificación derívese de circunstancias que unha Administración dilixente non puidese prever.

2º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

3º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE/excluído

Con respecto ao primeiro requisito, a necesidade de engadir esta subministración ven claramente debida a circunstancias sobrevidas as cales en ningún caso puideron ser previstas por esta sección no momento de envío das invitacións as empresas licitadoras do contrato baseado (05 de maio de 2020), xa que nese momento SUPLUSA era un ente instrumental da Deputación de Lugo o cal xestionaba os seus propios contratos, o cal impedía poder incluír esta subministración no contrato de gas natural da Deputación de Lugo.

Con respecto ao segundo requisito a modificación non altera a natureza global do contrato, pois supón que implica incluír unha nova subministración no contrato, non afectando ao obxecto do mesmo.

Con respecto ao terceiro requisito, para calcular o incremento sobre o prezo inicial do contrato baseado que supón a modificación número 2 a realizar, hai que acudir ao seu prezo de adxudicación. O prezo de adxudicación do contrato baseado ascendeu a 214.507,46 euros. Este importe inclúe 37.228,57 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; cantidade que se engade aos 177.278,89 euros de base. Este último importe sen considerar o IVE, será o que se tome como referencia aos efectos de calcular a porcentaxe de incremento que supón sobre o seu prezo inicial a modificación do contrato baseado que se pretende realizar.

Tamén debemos ter en conta que como xa se indicou anteriormente na Xunta de Goberno do 20 de Novembro do 2020 aprobouse unha primeira modificación do contrato baseado para a Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural (EXP2020/CON_01/000009), cun incremento do prezo de adxudicación de 7.000,00 euros, aos que haberá que engadir 1.470,00 euros en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 8.470,00 euros (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación. Dita modificación



uponía un incremento dun 3,95% sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto o 50% do seu prezo inicial (IVE excluído).

Polo tanto, e tendo en conta que o gasto que se estima para esta subministración é de 2.500,00 euros (IVE excluído), a modificación número 2 do contrato baseado que se pretende realizar supón un incremento dun 1,41% sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). A suma das dúas modificacións supón un incremento dun 5,36% sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído), non superando por tanto a suma da modificación xa realizada e esta o 50% do seu prezo inicial (IVE excluído)”

A vista do exposto enténdese xustificada a modificación número 2 do contrato baseado que se pretende realizar, con base no apartado segundo, letra b) do artigo 205 da LCSP

3. Indicar, ademais, que á vista do importe da modificación número 2 que se pretende realizar, non será preceptivo ditame do Consello de Estado ou Órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, en virtude do indicado no artigo 191.3 b) na LCSP “Las modificaciones de los contratos cuando no estuvieran previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares y su cuantía, aislada o conjuntamente, sea superior a un 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y su precio sea igual o superior a 6.000.000 de euros”. A modificación non está prevista no Prego de Cláusulas Administrativas reitor da contratación, pero a mesma supón un incremento dun 1,41 % sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). Como xa se indicou anteriormente, en virtude do acordo da xunta de Goberno do 20 de novembro de 2020 neste contrato xa se fixo unha modificación previa, que supoñía un incremento dun 3,95% sobre o prezo inicial do contrato baseado (IVE excluído). A suma das dúas modificacións da un incremento dun 5,36 % sobre o prezo inicial do contrato (IVE excluído), non superando por tanto a suma da modificación xa realizada e esta o 20% do seu prezo inicial (IVE excluído).

No que respecta ao indicado na letra b) do artigo 205.1 da LCSP, o responsable do contrato baseado expón no seu informe, que “hai que sinalar que o obxecto do contrato baseado é a subministración de gas natural nas dependencias da Deputación de Lugo. Dado que a finalidade da modificación número 2 é incluír no contrato baseado a subministración descrita, a mesma está claramente incluída no obxecto do contrato, e polo tanto se limita unicamente a introducir as

variacións estritamente indispensables para a súa realización. Ademais, polo exposto na solicitude recibida, a disolución do SUPLUSA implica que este contrato pasa a depender da Deputación de Lugo o cal implica a necesidade de introducilo no contrato de gas natural da mesma.”.

De acordo co sinalado acredítase o cumprimento do indicado letra b) do artigo 205.1 da LCSP

4. Respecto das obrigas do adxudicatario sinalar que, a modificación número 2 será obrigatoria para o mesmo por estar esta modificación nos supostos incluídos no artigo 206.1 da LCSP onde se indica: “En los supuestos de modificación del contrato recogidas en el artículo 205, las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando impliquen, aislada o conjuntamente, una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido”. Tal e como xa se indicou, a suma da modificación xa realizada e esta non superan o 20% do seu prezo inicial (IVE excluído).

5. Por tratarse dun contrato de subministración suxeito a regulación harmonizada (o valor estimado do mesmo é de 709.115,56 euros), hai que cumprir co indicado no artigo 207.3 da LCSP “Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley”.

Tamén é de aplicación o seguinte apartado, recollido nese mesmo artigo: “Asimismo los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación”



En base ao exposto deberá darse publicidade á modificación número 2 do contrato baseado mediante a publicación do correspondente anuncio no DOUE e no perfil do contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Sexta.- Tal e como expón o responsable do contrato no seu informe, o importe do gasto para esta subministración a incluír no modificado número 2, foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

Sétima.- A modificación número 2 do contrato baseado non conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.3 da LCSP, posto que para a adxudicación do mesmo non foi obxecto de constitución. A este respecto no propio acordo da Xunta de Goberno de 05 de xuño do 2020 polo que se procedeu a adxudicación do contrato baseado indicábase o seguinte:

“Tendo en contra as características da subministración e dado que o seu pago é sempre posterior á entrega e recepción do mesmo, non se esixirá garantía definitiva para a execución do presente contrato baseado, en aplicación do previsto nas cláusulas 14 garantía e 21 contratos baseados no acordo Marco, punto 10, Garantía nos Contratos baseados, do PCA do Acordo Marco.”

Oitava.- Respecto da formalización da modificación número 2 do contrato baseado, e de acordo co sinalado no artigo 153 da LCSP, nos contratos baseados nun acordo marco non resultará necesaria a formalización do contrato, Conforme ao establecido no artigo 36.3 da LCSP e a cláusula 21.1, apartado b) do PCA do Acordo marco, os contratos baseados nun acordo marco, o que resulta aplicable tamén á súa modificación, perfecciónanse coa notificación da súa adxudicación ao contratista.

Novena.- Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.6.5 das bases de execución do orzamento 2020, enténdese desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias do artigo 205 da LCSP.

“Base 36, apartado 1.3.6.5 Modificación do contrato:

a) No caso de modificacións previstas segundo o artigo 204 da Lei de Contratos do Sector Público, que a posibilidade de modificar o contrato atópase prevista nos pregos, que non supera o límite previsto nos mesmos, e que non se inclúen novos prezos unitarios non previstos no contrato. No caso de modificacións non previstas, ou que non se axusten ao establecido no artigo 204, que se acompaña informe técnico xustificativo dos extremos previstos no artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público e que non se superan as porcentaxes máximas previstas no devandito artigo.

b) Que existe informe do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral e, no seu caso, ditame do Consello Consultivo de Galicia.”

Décima.- Polo que se refire ao órgano competente para realizar a modificación número 2 do contrato baseado a realizar, e de conformidade co previsto nos artigos 61.1 e 61.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación, que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Conclusión:

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación número 2 do contrato baseado para a



Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural (EXP2020/CON_01/000009), sempre que se fiscalice o expediente pola Intervención”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar, en virtude da solicitude realizada Pola Sección de Patrimonio con data 11 de febreiro de 2021 (EXPED2021/XEN_01/000356) e do informe do responsable do contrato, a modificación número 2 do contrato baseado para a Subministración do Gas Natural nas dependencias da Deputación de Lugo a través do Acordo Marco da Central de Contratación da FEMP para a Subministración do Gas Natural (EXP2020/CON_01/000009), cun incremento do prezo de adxudicación de 2.500,00 €, aos que haberá que engadir 525,00 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 3.025,00 € (IVE engadido), mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Os datos técnicos da subministración procedente do SUPLUSA a incorporar no contrato baseado descrito no parágrafo anterior son os seguintes:

CENTRO CUPS	DIRECCIÓN	TARIFA	EMPRESA QUE ESTÁ PRESTANDO ACTUALMENTE A SUBMINISTRACIÓN
INMOBLE DA PRAZA DE SAN MARCOS Nº 11- ES0224050036237764TR	Rúa San Marcos 11 27001 Lugo BJ LOCAL	3.2	Naturgy Iberia S.A. CIF: A0843**** Nº CONTRATO: 11082733

O importe do gasto para esta subministración foi calculado en base a uns consumos estimados, xa que a día de hoxe resulta imposible saber cales serán os consumos reais. Por tal motivo, ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da Administración contratante, a Deputación Provincial de Lugo non está obrigada a esgotar a totalidade do orzamento máximo, quedando limitado o gasto real ao que resulte dos prezos ofertados polo adxudicatario e aos consumos realmente realizados.

A data estimada prevista para o inicio da subministración a través do contrato de gas natural da Deputación de Lugo é o 15 de marzo de 2021, data que poderá variar en función dos traballos tanto técnicos coma administrativos que é preciso realizar.

2º.- Adxudicar este modificado número 2 á empresa adxudicataria do contrato baseado, Endesa Energía S.A.U., con NIF A-8194****, que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 186.778,89 €, aos que haberá que engadir 39.223,57 € en concepto de IVE (21%), o que fai un total de 226.002,46 € (IVE engadido), o que supón un incremento dun 1,41 % sobre o prezo inicial do contrato baseado, que sumado ao anterior incremento realizado que era dun 3,95%, fai que as modificacións totais do contrato supoñan un incremento dun 5,36 % sobre o prezo inicial do contrato.

Os prezos unitarios ofertados polo adxudicatario do contrato baseado e que rexerán no modificado número 2, resúmense na seguinte táboa:

Prezos unitario ofertados polo adxudicatario do contrato baseado					
EMPRESA		TARIFAS DE ACCESO			
		3.1	3.2	3.3	3.4
ENDESA ENERGÍA S.A.U	Prezo €/kWh	0,053208	<u>0,045401</u>	0,040306	0,032763

O prazo de duración do contrato baseado non experimenta variación, sendo este de un ano, contado a partir do 12 de xuño do 2020, data na que se entende practicada a notificación da adxudicación do contrato baseado.

3º.- A formalización do modificado número 2 realizarase conforme co disposto no artigo 153 da LCSP e será publicado de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN E POSTA EN VALOR DAS



**ÁREAS HORTÍCOLAS URBANAS DO PASEO DO RATO E DE PARADAI DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22 de febreiro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes:

Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GY2KLLFG4RWJD43Y4I3XAIM e CSV: IV7GY2KL3QO4RCB26DXFG5I74E.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7GY2KOLZJKVZB43UA5L3XEGQ.

Informe de Intervención relativo á existencia de crédito con CSV: IV7GY4D5NIJCZHV44FNQOT2G54.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7G2GKYJB6YITNZAIGBEX3WN4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7G2GJJZJPOKS6OBXVXOIIV74.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV7G2EK4B5RT4VNMWQAFKYHRAM.

Acordo da Xunta de Goberno de data trece de novembro de dous mil vinte , polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións

técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto con CSV: IV7G3XL2JZU5T6NISAARERZEEQ.

Publicación do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Na sesión da Mesa de contratación, celebrada o 15 de xaneiro de 2021, deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
Agricultura y Tecnología AGROTECNIA, S.L
Ludus Tempori S. Coop. Galega
Mantenimiento Forestal M.G S.L

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación que téndose comprobado con carácter previo á constitución da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa presentada polas tres empresas, consta correctamente presentada tanto en forma coma en prazo, a Mesa de Contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios de adxudicación non avaliábeis de forma automática, resultando que as licitadoras presentan as memorias técnicas. A Mesa acorda enviar a documentación contida nos sobres B presentados polas licitadoras a informe e valoración do Servizo de Medio Ambiente.

Na sesión da Mesa de contratación, celebrada o 27 de xaneiro de 2021 deuse conta do informe emitido polo servizo de Medio Ambiente, en relación a avaliación das ofertas técnicas presentadas polas licitadoras. As valoracións realizadas no informe resúmese no seguinte cadro resumo.

CRITERIOS SOMETIDOS A XUÍZO DE VALOR (SOBRE B). Ver Apartado 6 e 7 do PPT	Puntuación MÁXIMA 50 PUNTOS
1.- ENFOQUE DA OFERTA TÉCNICA, METODOLOXÍA, CALIDADE DA PROPOSTA E ADECUACIÓN ÁS NECESIDADES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.	40
2.- MELLORAS SEN CUSTO	10



LICITADORES	ENFOQUE DA OFERTA TÉCNICA, METODOLOXÍA, CALIDADE DA PROPOSTA E ADECUACIÓN ÁS NECESIDADES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.	MELLORAS SEN CUSTO	PUNTUACIÓN TOTAL
Agricultura y Tecnología AGROTECNIA, S.L	37	10	47 puntos
Ludus Tempori S. Coop. Galega	26	6,5	32,50 puntos
Mantenimiento Forestal M.G S.L	10	1,5	11,50 puntos

Apertura e valoración dos criterios avaliados automaticamente (sobre C).

Acto seguido procédese ao exame do Anexo IV (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

LICITADORES	Prezo ofertado (con IVE)	Puntuación $P_0 = POE \times MO/OP$
Agricultura y Tecnología AGROTECNIA, S.L	174.832,60 euros	50
Ludus Tempori S. Coop. Galega	180.169,00 euros	48,52
Mantenimiento Forestal M.G S.L	175.763,39 euros	49,74

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Asumir como propio o informe realizado polo Servizo de Medio Ambiente sobre a valoración das ofertas técnicas presentadas polos licitadores ao procedemento.

Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Agricultura y Tecnología AGROTECNIA, S.L	97
2	Ludus Tempori S. Coop. Galega	81,02
3	Mantenimiento Forestal M.G S.L	61,24

Requirir á empresa Agricultura y Tecnología Agrotecnia, S.L, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

A Proposta da mesa de contratación é aprobada mediante Resolución da Presidencia o día 02 de febreiro de 2021,CSV: IV7HQ3QYH47CT6ONUJNMINLBOM .

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 04 de febreiro de 2021.

Acreditase no expediente presentación de documentación administrativa por parte da empresa Agricultura y Tecnología Agrotecnia, S., o día 18.02.2021 dentro do prazo concedido a tales efectos.

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Achega copia do CIF da empresa e do DNI do representante, así coma escritura de constitución da empresa Agricultura y Tecnología, Agrotecnia, S.L. CIF -B-2721****, con número de protocolo 1191, e inscrición no Rexistro Mercantil de Lugo .

Consta que Dona María del Carmen Pena Ledo é administradora única da sociedade, polo que non é necesario presentar bastanteo de poderes.

O obxecto social da empresa é adecuado para a execución do obxecto do contrato,o seu obxecto social según consta no certificado do Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia é: “la



producción, comercialización y servicios de y para el sector agropecuario y el medio ambiente, y la promoción y construcción de obras y viales".

Achega declaración responsable de estar exento do pago do imposto de actividades económicas en virtude do artigo 82.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e achega certificado de alta no epígrafe 911 - "Servicios Agrícolas y Ganaderos" Este grupo comprende la prestación de servicios a la agricultura y ganadería, con o sin maquinaria, por personas o entidades distintas de los titulares de las explotaciones, por cuenta de éstos, y que normalmente se realizan en la misma explotación, tales como servicios de producción de cultivos y ganado como preparación de la tierra, poda, riego, aplicación de productos sanitarios, inseminación, etc.; servicios de recolección y preparación de cosechas; servicios de plantación y mantenimiento de jardines y parques y otros servicios agrícolas y ganaderos. Este grupo no comprende la integración de ganado."

Epígrafe/sección IAE: 612.2 – "Comercio al por mayor de cereales, plantas, abonos animales".

e no epígrafe 912: "Servicios forestales y servicios relacionados con la pesca y la acuicultura.".Este grupo comprende los servicios forestales prestados por personas o entidades distintas de los titulares de las explotaciones y que normalmente se realizan en la misma explotación, tales como lucha contra plagas, defensa contra incendios, etc., así como los servicios relacionados con la pesca y la acuicultura prestados por personas o entidades distintas de los titulares de las explotaciones.

Achega Certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria de data 11 de febreiro de 2021.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante e incorpórase certificación positiva expedida por este servizo de data 19 de febreiro de 2021.

Achega certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 11 de febreiro de 2021.

Consta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acreedores.

En canto a habilitación profesional, non é necesaria ningunha habilitación profesional especial

Achega aval bancario en concepto da garantía definitiva por importe de 7.224,49 euros, depositado na Tesourería Xeral da Deputación. (2021/PES_03/002728).

Solvencia económica e financeira:

Presenta as contas anuais do exercicio 2019 onde se indica o volume de negocios nos exercicios 2018 e 2019 exceden do importe mínimo esixido de 115.899,40 euros. Que as contas anuais constan aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica ou profesional:

Aporta certificados de servizos prestados emitidos pola Deputación Provincial de Lugo para os anos 2018 e 2019 por un importe superior ao mínimo esixido de 54.086,39 euros.

Concreción das condicións de solvencia conforme ao art. 76 da LCSP: adscripción de medios persoais e materiais á execución do contrato.

Aporta compromiso de adscribir á execución do contrato os medios que a continuación se detallan:

1 Coordinador/a con titulación de Ingeniero, que será el responsable de la empresa en este servicio y el interlocutor entre ésta y la Diputación Provincial de Lugo.

1 Monitor/a de ocio y tiempo libre.

1 Jardinero/a



Así coma os medios materiais mínimos descritos na oferta e PPT.

Achega documento onde nomea a Juan Carlos Llamazares Díaz, Ingeniero de Montes colegiado nº 4121 y Master en sistemas integrados de gestión: Prevención de riesgos laborales, calidad, medio ambiente y responsabilidad social corporativa como interlocutor de A y T Agrotecnia, S.L. ante la Diputación Provincial de Lugo

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, e por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a contratación do servizo de dinamización e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do paseo do Rato e de Paradaí da Deputación Provincial de Lugo EXP0046SE20-ABO á empresa Agricultura y Tecnología, Agrotecnia, S.L. CIF -B-2721**** e comprométese a executar o contrato durante un período de 24 meses pola cantidade total de 144.489,75 euros, aos que haberá que engadir 30.342,85 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 174.832,60 euros.

A duración do contrato será de 24 meses sen posibilidade de prórroga.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 10:29 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación do servizo de dinamización e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do paseo do Rato e de Paradaí da Deputación Provincial de Lugo EXP0046SE20-ABO á empresa Agricultura y Tecnología, Agrotecnia, S.L. CIF -B-2721**** e comprométese a executar o contrato durante un período de 24 meses pola cantidade total de 144.489,75 euros, aos que haberá que engadir 30.342,85 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 174.832,60 euros.

Polo que se refire ás obrigas que se deriven da presente contratación o importe do contrato financíase de acordo as seguintes anualidades,e con cargo á Aplicación Orzamentaria 1720.22799.

ANUALIDADES	APLICACIÓNS	IMPORTES
2021	1720.22799	65.562,22
2022	1720.22799	87.416,30
2023	1720.22799	21.854,08
SUMA		174.832,60

Existe consignación no orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 65.562,22 € .

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e de cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2022 e 2023 as cantidades de 87.416,30 € e 21.854,08 € respectivamente.



Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º. A duración do contrato será de 24 meses sen posibilidade de prórroga.

4º.-Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS E O CONTROL E PREVENCIÓN DA LEXIONELOSIS NOS CENTROS DE ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES DE A FONSAGRADA, POL, TRABADA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, CASTROVERDE, MEIRA, RIBAS DE SIL E NAVIA DE SUARNA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22 de febreiro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Providencia de inicio e memoria xustificativa do contrato, con CSV: V7G6GZOE5DZ3PPUQADKXYBCI¹.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7G6IJKNMMT6XVNZU6AKBSWIY.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7G6GZPJDRKJOWIWENMM4BVM4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7G6P2TP7725HGOQZ7DCTTO54.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7G6PZJCAV2VROY3QGWE42VKU.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7G6MAMHYPPRRN53T6EKH76KI.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7G7TROAH55R3V6VQHECEIW6Y.

Acordo da Xunta de Goberno de data 20 de novembro de 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7GY2KZB5PYVCX4ANMCN4BEKU.

Acta da Mesa de contratación do día 17 de decembro de 2020, con CSV IV7GELD7FUWCYWODAAAYEALZQEA, na que se recolle o seguinte:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



“Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa.

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
ANGEL ROADE S.L.
FORMATESA LALIN S.L.
GESTIÓN ENERGÉTICA ABEAL S.L.
INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL
VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procédese á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acorda admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Segundo.- Apertura criterios avaliados automaticamente.

Procédese á apertura da documentación contida nos Sobres “B”:

LICITADORES	POCENTAXE DE BAIXA SOBRE PREZOS UNITARIOS	MEDIOS HUMANOS ADSCRITOS AO CONTRATO
ANGEL ROADE S.L.	8,61%	4
FORMATESA LALIN S.L.	17,00%	4
GESTIÓN ENERGÉTICA ABEAL S.L.	43,00%	2*
INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL	15,13%	4
VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.	14,67%	4

*A licitadora Gestión Energética Abeal S.L. non marcou ningunha opción, polo que enténdese que adscribirá o número mínimo esixido (2) e se outorgarán 0 puntos neste apartado, segundo o recollido no Anexo III do PCAP.

Acto seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

LICITADORES	POCENTAXE DE BAIXA SOBRE PREZOS UNITARIOS	MEDIOS HUMANOS ADSCRITOS AO CONTRATO	TOTAL
ANGEL ROADE S.L.	18,02	10,00	28,02
FORMATESA LALIN S.L.	35,58	10,00	45,58
GESTIÓN ENERGÉTICA ABEAL S.L.	90,00	0	90,00
INERPROMA MEDIOAMBIENTE S.L.	31,67	10,00	41,67
VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.	30,70	10,00	40,70

A continuación realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo o resultado o seguinte:

En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

“(…)

Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á devandita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.”

Así, a porcentaxe de baixa a partir da cal considérase desproporcionada ou anormalmente baixa a oferta presentada é 30,21%. Polo tanto, considérase que, en principio, é desproporcionada ou anormal a oferta presentada por Gestión Energética Abeal S.L.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade adoptar o seguinte acordo:



Conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, a Gestión Energética Abeal S.L.”

Acta da Mesa de Contratación do día 27 de xaneiro de 2021, con IV7HWPBTZY05V7X35RM46JAXOI, na que se recolle, sobre a xustificación da oferta de Gestión Energética Abeal S.L., o seguinte:

(...)

“O Servizo de Benestar Social informou o seguinte:

“A oferta presentadas pola empresa Gestion Energética Abeal, S.L. que atópase incurso en oferta anormalmente baixa contan con varias condicións susceptibles de determinar o baixo nivel dos custos e, concretamente nos seguintes valores:

1. Aforro nos servizos a prestar: Actualmente a empresa Gestion Energética Abeal, S.L. ten en propiedade e totalmente amortizados tódolos medios precisos precisos para facer fronte aos servizos a prestar polo que pode prescindir dos custos da subcontratación.

2. Condicións excepcionalmente favorables para a prestación do servizo: Dado que os servizos a prestar teranse que realizar nos distintos Centros de Atención as persoas Maiores sitos al longo da Provincia de Lugo, e estando a sede da empresa Gestion Energética Abeal, S.L. sita na cidade de Lugo permite reducir os custos de desprazamento tanto no mantemento correctivo como no normativo e a maiores permite reducir o tempo de resposta nos avarías de urxencia e ou emerxencia o que é sen dúbida unha gran vantaxe.

Conclusión: Considerase que a información achegada explica satisfactoriamente o baixo nivel dos custos propostos por Gestion Energética Abeal, S.L. e que, por tanto, a oferta económica pódese cumprir sen rebaixar a calidade da prestación dos servizos solicitados nos pregos.”

A Mesa acorda aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes, polo que ningunha oferta incorre en anormalidade e non procede a exclusión de ningunha.

Mantense a valoración realizada na sesión de 17 de decembro de 2020 e procédese a clasificación das proposicións.

Visto canto antecede, a mesa de contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Asumir como propio o informe realizado polo Servizo de Benestar Social sobre a xustificación da oferta económica da licitadora.

Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	GESTIÓN ENERGÉTICA ABEAL S.L.	90,00
2	FORMATESA LALIN S.L.	45,58
3	INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL	41,67
4	VEOLIA SERVICIOS NORTE S.A.U.	40,70
5	ANGEL ROADE S.L.	28,02

Requirir á empresa Gestión Energética Abeal S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 22 de febreiro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, dáse conta de que, no servizo de contratación, e con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da LCSP, procedeuse á apertura do requirimento de documentación administrativa, cursado a través da Plataforma de contratación do sector público o día 4 de febreiro de 2021 a Gestión Energética Abeal S.L., con prazo de presentación ata o día 19 de febreiro.

A empresa atendeu ao requirimento a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 11 de febreiro de 2021 e completouno o día 19 do mes actual, mediante escrito presentado no



REGAGE, recibido a través da sede electrónica da Deputación (2021/PES_03/002724), dentro de prazo.

Acto seguido procedeuse ao exame da documentación presentada co seguinte resultado:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Presenta CIF da empresa y DNIs dos administradores.

Presenta escritura de constitución da sociedade de responsabilidade limitada, de data 15 de maio de 2013, inscrita no Rexistro Mercantil de Lugo, na que consta como obxecto social a xestión de enerxía e aforro enerxético e instalacións de gas, aire acondicionado, climatización, e calefacción, o seu mantemento e reparación.

Figuran, como administradores mancomunados, D. Abel Locay López, que asinou inicialmente a proposición presentada nesta licitación, e D. Álvaro Balsa Estébanez.

Achegan, así mesmo, escrito de ratificación da proposición asinado polos dous administradores mancomunados.

Incorpórase dilixencia de bastanteo de poderes pola Asesoría Xurídica da Deputación.

Achega certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT, de data 10-02-2021, no que consta alta correspondente ao exercicio 2021 actividade nº 1 epígrafe IAE 504.2 instalacións fontanería e actividade nº 2 epígrafe IAE 504.3 instalacións frío e calor. Incorpora declaración de estar exenta de pago a empresa.

Achega Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Axencia Tributaria de data 05-02-2021.

Achega certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Deputación de Lugo, de data 04-02-2021.

Achega certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 04-02-2021.

Achega declaración responsable de non estar atoparse en concurso de acredores.

Achega carta de pago da Tesourería Provincial por importe de 2.511,30 euros, en concepto de garantía definitiva.

Solvencia económica: Achega depósito de contas do exercicio 2018, no que consta importe neto da cifra de negocios do exercicio superior aos 50.226 euros esixidos.

Solvencia técnica ou profesional:

Non achega a relación solicitada dos “principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos, mais aporta documentación sobre servizos similares ao obxecto do contrato realizados para distintos destinatarios, por importe anual superior a 23.438,80 euros.

Por último, presenta a seguinte documentación, recollida na cláusula 12 do PPT:

Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil, con cobertura superior a 300.000,00 €, contía mínima regulada por o artigo 37 do Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas do Edificio (RITE).

Recibo de pago da citada póliza do último período en vigor.

Documentación acreditativa de estar inscrito no Rexistro de Empresas Instaladoras e



Mantedoras de instalacións térmicas nos edificios que administra a Consellería competente en materia de industria da Comunidade Autónoma de Galicia.

Anexo onde se detalla o persoal adscrito ao contrato (dúas persoas).

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, considera cumprimentado correctamente o trámite, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Gestión Energética Abeal S.L., con CIF B2744****, a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións térmicas e o control e prevención da leionelosis nos centros de atención as persoas maiores de A Fonsagrada, Pol, Trabada, Pedrafita do Cebreiro, Castroverde, Meira, Ribas de Sil e Navia de Suarna. EXP044SE20ABO. 2020/CON_01/000073, por un importe máximo de 50.226,00 €, ao que se aplicará un IVE (21%) de 10.547,46 €, o que fai un total de 60.733,46 €.

A empresa comprométese a aplicar unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios, recollidos na cláusula 5 da Memoria xustificativa do contrato do 43 % e adscribir ao contrato a dúas persoas.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Gestión Energética Abeal S.L., con CIF B2744****, a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións térmicas e o control e prevención da lexiónelosis nos centros de atención as persoas maiores de A Fonsagrada, Pol, Trabada, Pedrafita do Cebreiro, Castroverde, Meira, Ribas de Sil e Navia de Suarna, EXP044SE20ABO. 2020/CON_01/000073, respectando o tipo máximo de licitación previsto no PCAP, 50.226,00 €, ao que se aplicará un IVE (21%) de 10.547,46 €, o que fai un total de 60.773,46 €

Tendo en conta a data prevista de inicio do servizo, o 1 de marzo de 2021, e o fin do contrato o 20 de xuño de 2022, a distribución por anualidades é a seguinte:

CENTRO	APLICACIÓN	IMPORTE 2021	IMPORTE 2022
CAM FONSGRADA	2315.212	3.920,40	2.261,49
CAM POL	2315.212	3.920,40	2.261,49
CAM TRABADA	2315.212	3.920,40	2.261,49
CAM PEDRAFITA	2315.212	6.542,07	2.261,49
CAM CASTROVERDE	2315.212	3.920,40	2.261,49
CAM MEIRA	2315.212	4.971,60	2.261,49
CAM RIBAS DE SIL	2315.212	3.401,08	2.261,49
CAM NAVIA DE SUARNA	2315.212	4.971,58	2.261,49
SUMA		35.567,93	18.091,92
TOTAL		53.659,85	

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2022 as cantidades indicadas, nas aplicacións correspondentes.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.



2º.- A empresa comprométese a aplicar unha porcentaxe de baixada sobre os prezos unitarios recollidos na cláusula 5 da Memoria xustificativa do contrato do 43 % e adscribir ao contrato a dúas persoas.

Os prezos unitarios iniciais, recollidos na cláusula 5 da Memoria, aos que se aplicará a redución do 43%, son os seguintes:

A. DOCUMENTACIÓN INICIAL	
UNIDADES	IMP. € SEN IVE
1 Ud. Redacción e entrega en formato dixital e físico da documentación inicial solicitada no presente PPT. A realizar unicamente no primeiro mes de inicio do contrato	150,00 €

B. POSTA EN MARCHA		
	UNIDADES	IMP. € SEN IVE
A executar no primeiro mes ao inicio do contrato para aqueles centros nos que as instalacións térmicas están en fora de servizo	1 Ud. Posta en marcha da instalación de gas propano ou gas natural canalizado.	100,00
	1 Ud. Posta en marcha da instalación solar térmica.	300,00
	1 Ud. Posta en marcha da sala de caldeiras e central de regulación.	100,00
	1 Ud. Posta en marcha de circuitos de chan radiante ou radiadores.	100,00
	1 Ud. Prevención e control da lexiónela segundo o RD 865/2003 do 4 de xullo do 2003 do Ministerio de Sanidade e Consumo de Criterios hixiénico sanitarios para a prevención e control da lexiónelosis.	1.000,00
	1 Ud. Subministro e instalación dun filtro de partículas.	1.000,00
	TOTAL IMPORTE DA POSTA EN MARCHA DUNHA INSTALACIÓN TÉRMICA NUN CAM	2.600,00 €

C. MANTEMENTO					
UNIDADES		IMP. MENSUAL SEN IVE €	TOTAL IMP. MENSUAL SEN IVE	IMP. ANUAL SEN IVE €	TOTAL IMP. ANUAL SEN IVE
MANTEMENTO PREVENTIVO	Mano de Obra Mantemento Preventivo: 60 horas	135,00	311,50 €/ mes CADA CAM	1.620,00	3.738,00 €/ Ano CADA CAM
	12 visitas anuais. Media tempo estimado 5 horas (i/ desprazamento)				
MANTEMENTO CORRECTIVO	Mano de Obra Mantemento Correctivo anual: 36 horas	114,00		1.368,00	
	Media de avisos estimado anuais: 12. Media Tempo estimado 3 horas (i/ desprazamento). 1 técnico				
MATERIAIS	Materiais mantemento preventivo e correctivo	62,50	750,00		

3º.- O contrato terá unha duración desde o día seguinte da sinatura da acta de inicio ata o 20 de xuño de 2022.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2020.

Primeiro.- *Escrito do Concello de Chantada, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 82-83-84-85 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:



“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Chantada, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (82-83-84-85) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Chantada presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
CHANTADA	82	REHABILITACIÓN INTERIOR DA CASA ESCOLA DE SANTA UXÍA	3340.76201	3.232,68€
CHANTADA	83	REHABILITACIÓN DA CASA ESCOLA DE NOGUEIRA	3340.76201	7.250,46€
CHANTADA	84	REFORMA INTERIOR, PORCHE E URBANIZACIÓN DA CASA ESCOLA DE SANTIAGO DE ARRIBA	3340.76201	4.909,80€
CHANTADA	85	RENOVACIÓN DE SERVIZOS E URBANIZACIÓN INTEGRAL DA RÚA VISTA ALEGRE	1532.76201	46.865,70€

Por escrito de data 23/12/2020, e documentación complementaria achegada o 18/02/2021, o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
CHANTADA	REM	REXENERACIÓN DE BEIRARRÚA DA RÚA CARLOS OTERO DÍAZ	1532.76201	--	25.957,83€	25.957,83€
CHANTADA	REM	REXENERACIÓN DE BEIRARRÚA DA CONCEPCIÓN ARENAL	1532.76201	--	20.907,87€	20.907,87€
CHANTADA	REM	REFORZO ESTRUCTURAL DA PLANTA PRIMEIRA DA CASA ESCOLA DE NOGUEIRA	3340.76201	--	4.899,01€	4.899,01€
CHANTADA	REM	CERRAMENTO PORCHE CASA ESCOLA DE SANTIAGO DE ARRIBA	3340.76201	--	7.261,23€	7.261,23€
CHANTADA	REM	REHABILITACIÓN CASA ESCOLA SANTA UXÍA	3340.76201	--	3.232,68€	3.232,68€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.



Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Chantada, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Chantada e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
CHANTADA	REM	REXENERACIÓN DE BEIRARRÚA DA RÚA CARLOS OTERO DÍAZ	1532.76201	--	25.957,83€	25.957,83€
CHANTADA	REM	REXENERACIÓN DE BEIRARRÚA DA CONCEPCIÓN ARENAL	1532.76201	--	20.907,87€	20.907,87€
CHANTADA	REM	REFORZO ESTRUCTURAL DA PLANTA PRIMEIRA DA CASA ESCOLA DE NOGUEIRA	3340.76201	--	4.899,01€	4.899,01€
CHANTADA	REM	CERRAMENTO PORCHE CASA ESCOLA DE SANTIAGO DE ARRIBA	3340.76201	--	7.261,23€	7.261,23€
CHANTADA	REM	REHABILITACIÓN CASA ESCOLA SANTA UXÍA	3340.76201	--	3.232,68€	3.232,68€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Escrito do concello de Rábade, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 249 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Rábade, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (249) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.



Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Rábade presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
RÁBADE	249	PAVIMENTACIÓN NA RÚA JOSÉ PARDO MONTENEGRO	1532.76201	35.383,33€

Por escrito de data 17/02/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
RÁBADE	REM	PAVIMENTACIÓN NA RÚA FERNANDO ARIAS	1532.76201	--	35.383,33€	35.383,33€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Rábade, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Rábade e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
RÁBADE	REM	PAVIMENTACIÓN NA RÚA FERNANDO ARIAS	1532.76201	--	35.383,33€	35.383,33€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Escrito do concello de Muras, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 154-155 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. (PUC/20).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:



“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Muras, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (154-155) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 04/12/2020, modificouse a actuación nº 155, quedando incluídos no investimento financiado a través do plan único 2020 tamén os honorarios de redacción de proxecto.

O Concello de Muras presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
MURAS	154	ACTUACIÓN EN ACCESOS A VIVENDAS RURAIS E CAMIÑOS EN SERRA, PENAGRANDE, CURRO, SUSANA, FERREIROS, CABECEIRA, BUSTELO, COUCE, PALEIRA-VEDILLE, E BOUZAS, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	11.171,12€
MURAS	155	SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA CASA CONSISTORIAL, INCLÚIDO HONORARIOS DE REDACCIÓN DE PROXECTO	9200.76201	2.165,47€

Por escrito de data 17/02/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTEMENTO
MURAS	REM	MELLORA DE ACCESOS EN VALIÑA E ABORBÓ	1531.76201	--	11.171,12	11.171,12
MURAS	REM	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA CASA CONSISTORIAL	9200.76201	--	2.165,47€	2.165,47€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación,



someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Muras, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Muras e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
MURAS	REM	MELLORA DE ACCESOS EN VALIÑA E ABORBÓ	1531.76201	--	11.171,12	11.171,12
MURAS	REM	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA CASA CONSITORIAL	9200.76201	--	2.165,47€	2.165,47€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DIVERSOS EXPEDIENTES DE PERDA DE DEREITO.

Primeiro.- *Proposta en relación coa xustificación do investimento Nº 55 denominado soterramento lmta e substitución CT 27A889 Oural-Chorente, incluído polo Concello de Sarria no POS 2015.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao investimento nº 55 denominado Soterramento LMTA e substitución CT 27A889 Oural-Chorente, incluído polo concello de Sarria no POS 2015, que dispón o seguinte:

“Vista a documentación remitida polo Concello de Sarria en data 23/09/2016 e complementada en data 18/02/2017 ao Servizo de Contratación e Fomento (Unidade de Obras e Plans) para xustificar o investimento nº 55 denominado Soterramento LMTA e substitución CT 27A889 Oural-Chorente incluído por dito Concello no POS 2015, emítese o seguinte informe,

Antecedentes

O Plan de Coopoeración ás Obras e Servizos de Competencia Municipal e de Estradas para o ano 2015 (POS 2015) foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión de data 24/02/2015, figurando incluída a obra que se sinala.

Por acordo do Pleno, en sesión de data 29/12/2015 concedéuselle ao Concello de Sarria, unha ampliación dos prazos; para executar a obra indicada ata o 30/06/2016 e para achegar a xustificación da mesma ata o 15/07/2016. Deste acordo déuselle traslado ao Concello a través de escrito de data 18/01/2016.

O Concello de Sarria, ao obxecto de xustificar a inversión sinalada, achegou o 23/09/2016 documentación ao efecto.

En data 18/02/2017, o Concello de Sarria achegou a través de escrito, documentación complementaria a fin de xustificar a execución da obra.

En data 24/02/2017 a través de escrito, púxose en coñecemento do Concello de Sarria as deficiencias e erros dos que adoeecía a documentación indicada, a fin de que achegara a documentación solicitada, sen ter achegado, ata o momento dita documentación.



En data 04/06/2020, requiriuse ao Concello de Sarria, a través de escrito, no que se indicaba a documentación que debería achegar, outorgándolle un prazo de dez días hábiles, coa advertencia que de non cumprir co mesmo se le declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - PAC) e procederase a declaración da perda do dereito ao cobro da mesma.

O Concello de Sarria non achegou a documentación xustificativa requirida.

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 16/10/2020 declarouse decaído ao Concello de Sarria, no trámite á presentación da conta xustificativa do referido ao investimento nº 55 incluído no POS 2015, incoándose expediente de declaración da perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 17.666,66 euros.

En data 21/10/2020 trasladouse ao Concello de Sarria o acordo da Xunta de Goberno de data 16/10/2020, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles, a fin de presentar a documentación que estimase oportuna.

O Concello de Sarria non achegou ningunha documentación.

Fundamentos xurídicos

O acordo de aprobación do Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal e de Estradas para o ano 2015 (POS 2015) foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión de data 24/02/2015, figurando incluída a obra que se sinala, establecéronse as datas límites para executar e xustificar os investimentos.

Non obstante, por acordo do Pleno de data 29/12/2015 estableceuse como data límite para rematar as obras o 30/06/2016 e o prazo para remitir a documentación xustificativa finalizaba o 15/07/2016.

O artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece: “1. Los trámites que deban ser cumplimentados por los interesados deberán realizarse en el plazo de diez días a partir del siguiente al de la notificación del correspondiente acto, salvo en el caso de que en la norma correspondiente se fije plazo distinto. 2. En cualquier momento del procedimiento, cuando la Administración considere que alguno de los actos de los interesados no reúne los requisitos necesarios, lo pondrá en conocimiento de su autor, concediéndole un plazo de diez días para cumplimentarlo. 3. A los interesados que no cumplan lo dispuesto en los apartados anteriores, se les podrá declarar decaídos en su derecho al trámite correspondiente. No obstante, se admitirá la actuación del interesado y producirá sus efectos legales, si se produjera antes o dentro del día que se notifique la resolución en la que se tenga por transcurrido el plazo”.

O artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemtno Administrativo Común das Administracións Públicas, establece: “1. Instruidos los procedimientos, e inmediatamente antes de redactar la propuesta de resolución, se pondrán de manifiesto a los interesados o, en su caso, a sus representantes, para lo que se tendrán en cuenta las limitaciones previstas en su caso en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre. La audiencia a los interesados será anterior a la solicitud del informe del órgano competente para el asesoramiento jurídico o a la solicitud del Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, en el caso que éstos formaran parte del procedimiento. 2. Los interesados, en un plazo no inferior a diez días ni superior a quince, podrán alegar y presentar los documentos y justificaciones que estimen pertinentes. 3. Si antes del vencimiento del plazo los interesados manifiestan su decisión de no efectuar alegaciones ni aportar nuevos documentos o justificaciones, se tendrá por realizado el trámite. 4. Se podrá prescindir del trámite de audiencia cuando no figuren en el procedimiento ni sean tenidos en cuenta en la resolución otros hechos ni otras alegaciones y pruebas que las aducidas por el interesado. 5. En los procedimientos de responsabilidad patrimonial a los que se refiere el artículo 32.9 de la Ley de Régimen Jurídico del Sector Público, será necesario en todo caso dar audiencia al contratista, notificándole cuantas actuaciones se realicen en el procedimiento, al efecto de que se persone en el mismo, exponga lo que a su derecho convenga y proponga cuantos medios de prueba estime necesarios”.



O órgano competente para declarar a perda do dereito, inda que non se regula na aprobación do Plan (POS 2015), ao non se prever esta casuística, enténdese competente a Xunta de Goberno, toda vez que o Regulamento orgánico unicamente se refire ao Pleno para a aprobación do Plan Provincial de Obras e Servizos (POS) e demais plans que poida ou deba aprobar a Deputación.

Conclusión

A vista do anterior, infórmase favorablemente:

Declarar a perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 17.666,66 euros, ao Concello de Sarria, en relación con co investimento nº 55 denominado Soterramento LMTA e substitución CT 27A889 Oural-Chorente, incluído no POS 2015.

Dar traslado do presente acordo á Intervención aos efectos oportunos.

TALLERES DE FORMACIÓN PARA ALUMNOS, EX ALUMNOS, DOCENTES E PAS	SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	14.999,00	12	SETEMBRO 2021
GUIONIZACIÓN	SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	7.200,00	12	MARZO 2021
COMPRA DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS FUNXIBLES DE ELECTRICIDADE E ILUMINACIÓN PARA OS CENTROS DE FORMACIÓN E PRODUCCIÓN DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	14.999,00	12	FEBREIRO 2021
COMPRA DE MATERIAS DIVERSOS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA EN CAMIÑO CONTRA AS VIOLENCIAS.	SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	5.000,00	12	OUTUBRO 2021
VISITAS FORMATIVAS DOS CENTROS DA PROVINCIA AO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS (TICODIARIO)	SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	9.000,00	12	SETEMBRO 2021
COMPRA SERVIDOR ALMACENAMENTO LOCAL	SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	15.000,00	12	FEBREIRO 2021
COMPRA 2 EQUIPOS DE GRAVACIÓN ENG	SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	15.000,00		MARZO 2021
COMPRA DE SISTEMA INTERCOM E GRAVADOR	SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	10.000,00		MARZO 2021
CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS ÁS PERSOAS MAIORES NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DOS MUNICIPIOS DE PEDRAFITA	BENESTAR	608.495,00	15,4	FEBREIRO 2021
OBRAS E EQUIPACIÓN COCINA MEIRA	BENESTAR	60.000,00	3	MARZO 2021
EQUIPACIÓN DO CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE CAM MEIRA	BENESTAR	242.469,70	3	FEBREIRO 2021
LENCERÍA CAM MEIRA	BENESTAR	12.000,00	2	ABRIL 2021
LIMPEZA E DDD INICIAL POSTA EN MARCHA CAM MEIRA	BENESTAR	4.500,00	1	MAIO 2021
CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS ÁS PERSOAS MAIORES NOS ENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DOS MUNICIPIOS DE MEIRA	BENESTAR	304.868,57	42	MAIO 2021
POSTA EN MARCHA PACIENTE ENFERMEIRA E CONEXIÓNS INTERNAS CAM MEIRA	BENESTAR	4.200,00	2	MARZO 2021
EQUIPACIÓN ELECTRÓNICA AUDIOVISUAIS E POSTA EN MARCHA DAS INSTALACIÓNS DE TV CAM MEIRA	BENESTAR	6.000,00	1	MAIO 2021
SUBMINISTRO DE GAS PROPANO CANALIZADO	BENESTAR	19.000,00	24+24	MARZO 2021
OBRAS E EQUIPACIÓN COCINA NAVIA DE SUARNA	BENESTAR	60.000,00	3	ABRIL 2021
EQUIPACIÓN DO CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE NAVIA DE SUARNA	BENESTAR	262.469,70	3	ABRIL 2021
LENCERÍA NAVIA DE SUARNA	BENESTAR	12.000,00	2	MAIO 2021
CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS ÁS PERSOAS MAIORES NOS ENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DOS MUNICIPIOS DE NAVIA DE SUARNA	BENESTAR	320.112,00	42	XULLO 2021
LIMPEZA E DDD INICIAL POSTA EN MARCHA CAM NAVIA DE SUARNA	BENESTAR	4.500,00	1	XULLO 2021
POSTA EN MARCHA PACIENTE ENFERMEIRA E CONEXIÓNS INTERNAS CAM NAVIA DE SUARNA	BENESTAR	4.200,00	2	XULLO 2021
EQUIPACIÓN ELECTRÓNICA AUDIOVISUAIS E POSTA EN MARCHA DAS INSTALACIÓNS DE TV CAM NAVIA DE SUARNA	BENESTAR	6.000,00	1	AGOSTO 2021
ASCENSORES PORTAS AUTOMÁTICAS CAM'S	BENESTAR	19.564,00	13+12	ABRIL 2021
GLP CAM'S	BENESTAR	223.012,50	10	ABRIL 2021
INCENDIOS CAM'S	BENESTAR	15.000,00	14	FEBREIRO 2021
MANTENIMENTO DE CUBERTAS E SISTEMAS DE EVACUACIÓN	BENESTAR	6.500,00	12	MAIO 2021
ASISTENCIA E MANTENIMENTO PACIENTE ENFERMEIRA	BENESTAR	6.000,00	12	MAIO 2021
PRESTACIÓNS DE SERVIZOS TERMAIS	BENESTAR	52.800,00	24	ABRIL 2021
CAMPAÑA EN NEGRO CONTRAS AS VIOLENCIAS	BENESTAR	12.395,87	1	SETEMBRO 2021
CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA AS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABAJO E VIXILANCIA DA SAÚDE. ASÍ COMO O NECESARIO APOIO AO SERVIZO DE PREVENCIÓN PROPIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ESPECIALIDADES DE HIXIENE INDUSTRIAL E ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA	PREVENCIÓN	197.200,00	24	XULLO 2021
ADQUISICIÓN DE LIBROS Y REVISTAS MÉDICAS	PREVENCIÓN	480,00	12	XANEIRO 2021
ADQUISICIÓN DE MATERIAL Y MEDICAMENTOS PARA REPOSICIÓN DE BOTIQUINES	PREVENCIÓN	3.000,00	12	XANEIRO 2021
ADQUISICIÓN DE DESFIBRILADORES	PREVENCIÓN	14.000,00	12	XANEIRO 2021
MATERIAL FUNXIBLE DE DESFIBRILADORES	PREVENCIÓN	3.000,00	12	XANEIRO 2021
ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE OFICINA E CAMPANAS SANITARIAS	PREVENCIÓN	11.000,00	12	XANEIRO 2021
GESTIÓN DE CONTENEDORES BIOLÓXICOS	PREVENCIÓN	1.000,00	12	XANEIRO 2021
ADQUISICIÓN DE EPI'S PARA EL COVID (MASCARILLAS, XELES HIDROALCOHÓLICO, ETC.)	PREVENCIÓN	60.000,00	12	XANEIRO 2021
ADQUISICIÓN DE ROUPA DE TRABAJO Y EPI'S	PREVENCIÓN	61.745,57	12	
ADQUISICIÓN DE TRITURADORA DE PAPEL	PREVENCIÓN	1.000,00	12	XANEIRO 2021
ADQUISICIÓN DE PERCHEROS	PREVENCIÓN	500,00	12	XANEIRO 2021
ADQUISICIÓN DE TESTS DE DIAGNÓSTICO COVID (TESTS DE ANTÍGENOS, ANTICORPOS, PCR, ...ETC.)	PREVENCIÓN	14.990,00	12	XANEIRO 2021
CONTRATACIÓN "DOS SERVIZOS FOTOGRAFICOS E DE APOIO PARA A ÁREA DE CULTURA, CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO E REDE MUSEÍSTICA	REDE MUSEÍSTICA	120.600,00	24+12	1º TRIMESTRE 2021



DEPUTACIÓN DE LUGO

OBXECTO	SERVIZO	VALOR SEN IMPOSTOS	PRAZO (MESES)	DATA PREVISTA DE INICIACIÓN
GRÁFICA E MATERIAIS PARA A REALIZACIÓN DE EXPOSICIÓN (15 EXPOSICIÓN ANUAIS)	REDE MUSEÍSTICA	112.000,00	24+13	2º TRIMESTRE 2021
ADQUISICIÓN E IMPLANTACIÓN MÓDULO CONTROL INTERNO NA DEPUTACIÓN PARA A APLICACIÓN DO RD 424/2017, DE 28 DE ABRIL.	INTERVENCIÓN	14.000,00	12	MARZO 2021
CONTRATACIÓN SERVIZOS PROFESIONAIS DE AUDITORES EXTERNOS INDEPENDENTES PARA REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE AUDITORÍA DE CONTAS DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DO EXERCICIO 2020 DE ACORDO CO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.	INTERVENCIÓN	5.500,00	12+12+12	MARZO 2021
CONTRATACIÓN SERVIZOS PROFESIONAIS DE AUDITORES EXTERNOS INDEPENDENTES PARA REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE AUDITORÍA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ACORDO CO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO.	INTERVENCIÓN	15.000,00	12+12	ABRIL 2021
SUBSCRICION ANUAL PARA 2021 REVISTA "EL CONSULTOR DE LOS AYUNTAMIENTOS".	INTERVENCIÓN	708,52	12	XANEIRO 2021
SUBSCRICIÓN ANUAL A COSITAL NETWORK PARA 2021	INTERVENCIÓN	99,17	12	XANEIRO 2021
SUBSCRICIÓN A PLATAFORMA HACIENDA LOCAL DE ESPUBLICO POR PERÍODO 12 MESES	INTERVENCIÓN	7.612,70	ANUAL RENOVABLE	MAIO 2021
SERVIZO DE MANTENIMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA SICALWIN E FIRMADOC.	INTERVENCIÓN	17.800,00	PRORROGA 1 AÑO	MARZO
SERVIZO TRANSPORTE	REPROGRAFÍA	3.630,00	12	PRIMEIRO TRIMESTRE
EQUIPO FOTOCOPIADO	REPROGRAFÍA	7.865,00	12	SEGUNDO TRIMESTRE
PRODUCTOS LIMPEZA	REPROGRAFÍA	3.025,00	12	PRIMEIRO TRIMESTRE
MANT. E REPARACION MAQ. OFICINA	REPROGRAFÍA	6.050,00	12	TERCERIO TRIMESTRE
AUGA MINERAL	REPROGRAFÍA	1.815,00	12	TERCERIO TRIMESTRE
SOBRES	REPROGRAFÍA	7.260,00	12	PRIMEIRO TRIMESTRE
ART. TALAB. SACOS E BOLSAS	REPROGRAFÍA	5.445,00	12	SEGUNDO TRIMESTRE
SERV.LIMPEZA EDIFICIOS	REPROGRAFÍA	1.858.912,81	24+12+12	CUARTO TRIMESTRE
VESTIARIO LABORAL	REPROGRAFÍA	12.100,00	12+12+12+12	SEGUNDO TRIMESTRE
ABONOS E FITOSANITARIOS	GRANXA	200.000,00	24+12+12	SEGUNDO TRIMESTRE
MATERIAL FUNXIBLE	GRANXA	57.851,24	24+12+12	SEGUNDO TRIMESTRE
SUMINISTROS VETERINARIOS	GRANXA	21.818,18	24+12+12	SEGUNDO TRIMESTRE
FORRAXE	GRANXA	272.727,27	24+12+12	SEGUNDO TRIMESTRE
TAREFAS AGRÍCOLAS	GRANXA	181.818,18	24+12+12	SEGUNDO TRIMESTRE
SERVIZOS VETERINARIOS	GRANXA	19.834,71	24+12+12	SEGUNDO TRIMESTRE
SERVIZOS DE MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS	GRANXA	49.586,78	24+12+12	SEGUNDO TRIMESTRE
DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS. LOTES 1 A 24	VIAS E OBRAS	2.185.184,79	24+12	XUÑO 2021
EJECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓN DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA PROVINCIAL. ZONAS 1 A 8	VIAS E OBRAS	5.626.068,39	24+12	OUTUBRO 2021
PROXECTOS DE REHABILITACIÓN DE FIRME AO LONGO DA REDE DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO*	VIAS E OBRAS	4.179.047,50	SEGÚN CONTRATO	2021 SEGUNDO NECESIDADES
MES DA ILUSTRACIÓN: GRAFITIS	CULTURA	14.520,00		
MES DA ILUSTRACIÓN: ACTIVIDADES E INDENTIDADE GRÁFICA	CULTURA	16.940,00		
MES DE ROSALÍA GRAFITIS	CULTURA	11.180,00		
MES DE ROSALÍA ACTUACIÓN TEATRAIS	CULTURA	14.217,50		
MES DE ROSALÍA MONICREQUES	CULTURA	8.712,00		
8 DE MARZO, ACTUACIÓN E PRODUCCIÓN	CULTURA	18.000,00		
LINGUA VIVA: ACTUACIÓN	CULTURA	5.000,00		
LINGUA VIVA: EXPOSICIÓN	CULTURA	15.000,00		
MUSIQUEANDO: ACTUACIÓN MUSICAIS	CULTURA	170.000,00		
PROSCENIO: ACTUACIÓN TEATRAIS	CULTURA	45.000,00		
BUXIGANGA: ACTUACIÓN TEATRAIS	CULTURA	65.000,00		
SERÁNS CULTURAIS: ACTUACIÓN	CULTURA	60.000,00		
CULTURA ABERTA: ACTUACIÓN E ACCIÓN	CULTURA	100.000,00		
CULTURA SOBRE RODAS: ACTUACIÓN E ACCIÓN	CULTURA	20.000,00		
OUTONOS CULTURAIS: ACTUACIÓN MUSICAIS	CULTURA	60.000,00		
NADAL CULTURAL: ACTUACIÓN E ACCIÓN	CULTURA	170.000,00		
UNIVERSIDADE-CAMPUS LUGO: ACTUACIÓN DESPEDIDA CURSO	CULTURA	3.025,00		
UNIVERSIDADE-CAMPUS LUGO:PROGRAMA "ESLABÓN" COS INSTITUTOS	CULTURA	2.000,00		

*Dita actuación refírese a un conxunto de diferentes obxectos contractuais , que por sistemática se amparan baixo una denominación común dacordo co crédito habilitado na partida orzamentaria que respectiva, e que se contratan en función das necesidades ou segundo programación de cada unidade xestora, de tal xeito que seguirán o procedemento que corresponda coa súa tipoloxía, orzamento, obxecto e recorrencia temporal.

Por canto antecede, propono á Xunta de Goberno Local na consideración da súa condición de órgano de contratación para aprobación dos expedientes de contratación así como no exercicio súas funcións de asistencia á presidencia que adopte o seguinte acordo :

1º.- Aprobado o plan anual de contratación para o ano 2021, da Deputación Provincial de Lugo, no que se recollen as previsións de contratación da Deputación no citado exercicio. Todo iso condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes, a tramitación dos expedientes de contratación e o mantemento das necesidades que motivan a súa previsión no plan anual de contratación 2021.

2º.- Publicar o plan anual de contratación para o ano 2021 na Plataforma de Contratación del Sector Público e no Portal de transparencia desta Deputación.

3º.- Publicar o anuncio de información previa, de conformidade co establecido no artigo 134.2 da LCSP en relación co artigo 28.4 dos contratos suxeitos a regulación harmonizada previstos, unha vez completen os Servizos os datos que requira dito anuncio previo.

4º.- Dar traslado deste acordo ao Servizo de Intervención e ao Servizo de Contratación e Fomento e demais servizos implicados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.



Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Vehículos, Equipamientos y Carrocerías Prieto – Puga, S.L.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 23/02/2021, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(...

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Vehículos, Equipamientos y Carrocerías Prieto – Puga, S.L.	A 90231	17/07/2019	17/07/2019	2019/2688	Mantemento, no mes de decembro do 2018, da xestión de flotas e as tarxetas SIM dos GPS instalados nos vehículos do Parque Móbil. 2020/FAC_01/000407	1.387,87 €
TOTAL						1.387,87 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro de Facturas, e con dilixencia de data 09/08/2019, de que os servizos están prestados, precisando o “conforme” coa cantidade e co prezo, e conformada pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 03/11/2020 polo representante de Vehículos, Equipamientos y Carrocerías Prieto-Puga, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde

ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida polo Xefe do Parque Móbil.

Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 24/10/2019, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Os seguintes informes do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil:

Informe de data 16/09/2020, no que se dí:

“En relación á factura A 90231 emitida por Vehículos, Equipamientos y Carrocerías Prieto Puga, S.L., hai que aclarar que aínda que a factura indica como período de facturación o 17/07/2019, a mesma data de emisión da factura, na descrición figura o 27/12/2019 como data na que se realiza o traballo.”

Informe de data 28/09/2020, no que se dí:

“En relación á factura A 90231 emitida por Vehículos, Equipamientos y Carrocerías Prieto Puga, (...), no informe de data 16/09/20 figura que o traballo foi realizado o 27/12/19 cando en realidade debería dicir 27/12/18, polo que procede a corrección do mencionado erro.”

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 13/01/2021, no que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia, polo importe total da factura, no nivel de vinculación da aplicación orzamentaria 18/9201.213, e que igualmente existe consignación suficiente e axeitada no orzamento actual, na aplicación 21/9201.213 (ADO: 92021/58).



Informe de Intervención, de data 02/02/2021, no que dí que se reitera no informado en data 27 de marzo de 2020, agás no referente á consignación, dado que non foron aprobadas as obrigas no ano 2020, polo que Intervención informa que esta factura consígnase con cargo ao exercicio 2021 (aplicación 9201.213; ADO: 92021/58).

Informe do Xefe do Parque Móbil, de data 11/02/2021, no que se dí que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2021, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Resolución da Presidencia, de data 22/02/2021, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias, de data 17/02/2021, en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2018 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano (...), con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Vehículos, Equipamientos y Carrocerías Prieto-Puga, S.L., por mantemento das tarxetas de xestión de flotas do Parque Móbil, que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
A90231	17/07/19	1.387,87	9200.213	92020/2032
SUMA		1.387,87		

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe de Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan as facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio (...), no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 1.387,87 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos



e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 27 de marzo do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDITORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
VEHÍCULOS EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO PUGA, S.L.	A90231	17/07/19	1.387,87	9201.213

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 27 de marzo de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os servizos son os seguintes:

Debido a que as avarías reparadas así como as instalacións de varios GPS non estaban incluídos no mantemento de xestión de flotas e tarxetas SIM, e dado que as ditas avarías non se podían prever, procede validar a factura.

O período do aludido servizo foi de decembro de 2018.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 1.387,87 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”



Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando asimesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2021.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2021.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno. Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de procedencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención de data 02/02/2021 invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2018, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do



enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Vehículos, Equipamientos y Carrocerías Prieto – Puga, S.L.	A 90231	17/07/2019	Mantemento, no mes de decembro do 2018, da xestión de flotas e as tarxertas SIM dos GPS instalados nos vehículos do Parque Móbil. 2020/FAC_01/000407	1.387,87 €
TOTAL				1.387,87 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Vehículos, Equipamientos y Carrocerías Prieto – Puga, S.L.:

Nº A 90231 de data 17/07/2019, correspondente ó mantemento, no mes de decembro do 2018, da xestión de flotas e as tarxertas SIM dos GPS instalados nos vehículos do Parque Móbil, dun importe total de 1.387,87 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que

se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excm. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno, por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

- Obra: SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober- Doade (LU-903)”, 13+000 al 13+740.

Contratista: Obras y Saneamientos Galicia, SL

13.- PROPOSTA INTERPOSICIÓN RECURSO CONTENCIOSO FRONTE RESOLUCIÓN DA OFICINA ESPAÑOLA DE PATENTES Y MARCAS DE DATA 11/01/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica do seguinte teor:

“Vista a resolución da Oficina Española de Patentes y Marcas de data 11 de xaneiro de 2021 (publicada no Boletín Oficial da Propiedade Industrial en data 20 de xaneiro), na que resolve estimar o recurso de alzada interposto polo “Consejo Regulador de la Denominación de Origen Ribeira Sacra” fronte á seguinte resolución: “Marca - Reserva da Biosfera Terras do Miño Lugo – número 4050482 - clase 33 - fecha resolución 07/09/2020 - fecha publicación 14/09/2020”, anula a resolución recorrida e acorda a denegación do rexistro na clase 33 recorrida (“bebidas alcohólicas, excepto cervexas; preparacións alcohólicas para elaborar bebidas”), mantendo a situación xurídica do expediente en relación coas clases que non foron obxecto de recurso, por entender que vulnera o artigo 5.1.h) da Lei 17/2001, de 7 de decembro, de Marcas que establece que “1. No podrán registrarse como marca los signos siguientes: h) Los excluidos de registro en virtud de la



legislación nacional o de la Unión o por acuerdos internacionales en los que sea parte la Unión o el Estado español, que confieran protección a denominaciones de origen e indicaciones geográficas” e considerando que dita resolución é contraria ós intereses lexítimos desta administración provincial.

Visto, asemade, o informe da Asesoría Xurídica de data 24 de febreiro de 2021 relativo á interposición de recurso contencioso administrativo fronte á devandita resolución.

É polo que se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A interposición por esta entidade de recurso contencioso administrativo fronte á dita resolución da Oficina Española de Patentes y Marcas de data 11 de xaneiro de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DESTINADA A TITULARES DE OBRADOIROS ARTESÁNS.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe do Técnico de Xestión do Centro de Artesanía e Deseño de data 23 de febreiro de 2021, do seguinte teor:

“En relación co recurso de reposición, presentado por Dona María José Varela Rodríguez, con documento nacional de identidade 34256****, como representante de Maderas Valentín, C.B., con CIF: E2721****, contra acordo da Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020, no que se acordou desestimar a solicitude tramitada co número de expediente 2020/PES_03/020382, emítase informe con base nos seguintes”:

Antecedentes

Con data 23 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno aprobou as bases e os anexos para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas aos titulares de obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia no contexto da crise provocada pola pandemia da Covid-19, anualidade 2020. A convocatoria e bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 256, de data 07 de novembro de 2020.

Con data de Rexistro de Entrada 24 de novembro de 2020 e número 2020RT010324, Maderas Valentín, C.B. presenta solicitude de subvención.

A Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 18 de decembro de 2020 acordou a concesión de subvencións en réxime de concorrència non competitiva destinadas aos titulares de obradoiros artesanís da provincia de Lugo inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia no contexto da crise provocada pola pandemia da Covid-19, anualidade 2020 , cuxo anuncio se publicou no B.O.P. núm.300 do xoves, 31 de decembro de 2020.

En dito acordo deuse por desistida a solicitude tramitada co número de expediente 2020RT010324, por incumprimento do punto 6º das bases da convocatoria motivado por non achegar o certificado actualizado no que acreditara estar inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Con data de Rexistro de Entrada 01 de febreiro de 2021 o interesado presenta Recurso de Reposición, indicando que recorre o acordo da Xunta de Goberno polo que se desestima a súa solicitude, e manifesta:

En ningún momento se me pode imputar á miña persoa a ausencia do Certificado actualizado no Rexistro de Artesanía. Esta documentación ten que ser remitida polo Rexistro, sito en Santiago. As autorizacións concédense e renóvanse logo dunha reunión da Comisión Galega de Artesanía.



Esta comisión non se reuniu a causa do Covid-19 dende febreiro 2020 ata o mes de decembro de 2020, polo que foi fisicamente imposible ter esa renovación.

É máis, con data de 12/12/2020 ten lugar a reunión da Comisión e a emisión expresa da renovación, o que se supón que foi solicitada con anterioridade.

Consideracións

As bases da convocatoria no punto 3 “Obrigas dos Beneficiarios”, apartado c) indican que “Os titulares dos obradoiros artesáns perceptores das axudas terán dereitos e obrigas, de conformidade co sinalado no artigo 5 da ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, e en todo caso:”

(...)

“Acreditar ante a Excma. Deputación Provincial a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.”

Neste senso, o Punto 3 das bases da convocatoria Destinatarios/Beneficiarios, no apartado “Requisitos que deberán reunir os beneficiarios” sinala expresamente que: “En xeral, poderán solicitar subvención ao amparo desta convocatoria todos os titulares de obradoiros artesáns incluídos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia que exerzan a súa actividade na provincia de Lugo como mínimo dende o 1 de xaneiro de 2020 e manteñan a súa actividade ata o 31 de decembro de 2020.”

Para acreditar o cumprimento do requisito mencionado no parágrafo anterior, o punto 6 das bases da convocatoria “Solicitudes”, no seu apartado “Documentación” cita como documentos a presentar polos solicitantes da subvención:

(...)

Certificado actualizado de estar incluído no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

“Maderas Valentín, C.B.” declara mediante a presentación asinada do Anexo II o seu coñecemento e aceptación das bases, así como das obrigas que destas se deriven.

Entre estas obrigas deben citarse as mencionadas nos parágrafos anteriores, é dicir, exercer a súa actividade profesional como mínimo dende o 1 de xaneiro de 2020 e mantela ata o 31 de decembro de 2020 , así como a presentación dun Certificado actualizado de estar incluído no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

En relación con este aspecto, “Maderas Valentín, C.B.” achega na súa solicitude con data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial o día 24 de novembro de 2020 e número de rexistro: 2020RT010324 o Certificado solicitado pero caducado, xa que a data da súa validez finalizou o 26 de febreiro de 2019.

En consecuencia, o Certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Artesanía achegado por “Maderas Valentín, C.B.” non está actualizado, incumprindo un dos requisitos sinalados no Punto 6 das bases da convocatoria.

“Maderas Valentín, C.B.” incorpora ó expediente orixinal diferente documentación para paliar a ausencia do certificado actualizado anteriormente citado.

Esta documentación con data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo os días 1 e 4 de decembro de 2020 e números de rexistro respectivamente 2020RT010704 e 2020RT010916 consiste en capturas de pantalla da sede electrónica da Xunta de Galicia, nun Escrito da Directora Xeral de Comercio e Consumo coa remisión do identificador oficial e o Cartel de Artesanía de Galicia.

Trátase, en todo caso, de documentación non referida nas bases da convocatoria e que non pode entenderse substitutiva do Certificado actualizado de inscrición no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, documento sí exixido polas bases da convocatoria, no seu punto 6 “Solicitude”, apartado “Documentación”.



Finalmente, “Maderas Valentín, C.B.” incorpora ó expediente orixinal con data de entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo o 09 de decembro de 2020 e número 2020RT011047 a solicitude de Renovación do Obradoiro Artesanal, así como o Recibo de presentación no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia con data de entrada en dito rexistro o 09 de decembro de 2020.

A presentación da Renovación de Obradoiro Artesanal por “ Maderas Valentín, C.B.” o pasado 09 de decembro de 2020 e dado que a validez do anterior certificado finalizou o pasado 26 de febreiro de 2019 parece non acreditar o requisito establecido no Punto 3 das bases da convocatoria “Destinatarios/Beneficiarios”, apartado “Requisitos que deberán reunir os beneficiarios” consiste na inscrición do obradoiro artesanal no Rexistro Xeral de Galicia, exercendo a súa actividade na provincia de Lugo como mínimo dende o 1 de xaneiro de 2020 e mantendo dita actividade ata o 31 de decembro de 2020.

Tendo en conta a petición formulada e a xuízo do informante procede que, polo órgano competente, neste caso a Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición interposto por Maderas Valentín, C.B., contra o acordo da Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020, dado que os feitos descritos polo recorrente non se corresponden co constatado no expediente.

Con fundamento no referido informe, propono á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Maderas Valentín, C.B., contra o acordo da Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020, dado que os feitos descritos polo recorrente non se corresponden co constatado no expediente.

2º.- Notificar ao interesado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMPARECENCIA RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO 244/2020.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo polo que se reclama se reclama a esta entidade o expediente do recurso nº244/2020 seguido a instancia de D. Jesús López Ferreiro fronte á desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data 10 de setembro de 2020 *“a causa de un accidente de tráfico de fecha 13 de Noviembre de 2019 en la carretera LU-P-1611, cuando pilotaba D. José Miguel López Ferreiro el vehículo matrícula LU-2670-U, al encontrarse un árbol tirado en la calzada sin señalizar, sufriendo daños materiales el turismo.”*, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora se fora preciso.

16.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

Dación de conta da resolución da Presidencia con relación á proposta de resolución do contrato da obra: LUGO.- Desdobramento e humanización da avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. Tramo glorieta Ronda Norte-Glorieta 25 de novembro. (EX001OB-19- AB).

Dase conta de que, no día de onte, 23 de febreiro de 2021, ditouse por avocación resolución no asunto sinalado nos seguintes termos:

“1. Desestimar a solicitude de suspensión, a petición de acumulación de expedientes, e a apertura de período de proba polas causas expresados no corpo do presente.



2. Resolver o contrato de obra da obra: LUGO.-Desdobramento e humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo. tramo glorieta Ronda Norte-Glorieta 25 de novembro. (EX001OB-19-AB), desestimando as alegacións formuladas polo contratista, polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer o incumprimento con natureza de obriga esencial ó abeiro da documentación obrante no expediente.

3. Notificar a presente á entidade Obras, Pavimentos e Instalaciones Industriales, SL, con indicación expresa, de que o presente acto é de trámite sen que proceda a interposición de recursos, ate a adopción do acto que poña fin á vía administrativa.

4. Resolto o expediente de resolución, proceder no seu caso, a instrución de expediente contradictorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e asimesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.

5. Proceder á incautación da garantía definitiva constituída por importe de 42.594,08 €, resultan avalista Banco Sabadell coa referencia de depósito na tesourería provincial 32019002282.

6. Dar traslado da presente proposta de resolución ó consello Consultivo de Galicia para emisión do seu preceptivo informe.”

Visto o anterior, e que dita avocación se produciu dacordo co disposto no art. 10 da LRXSP 40/2015, e considerando as notas de preferencia e urxencia coas que caracteriza a tramitación do procedemento de resolución o artigo 109 do RXCAP 1098/2001, e dacordo co establecido no artigo 116 do RTOFEL dase conta da mesma a Xunta de Goberno, para o seu coñecemento e efectos oportunos. A Xunta de Goberno queda enterada.

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.